# Departamento de
# Lingua Galega e Literatura

## IES FÉLIX MURIEL – RIANXO



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# 4ºESO

## 2022 - 2023

# ÍNDICE

1. Introdución e Contextualización (páx.4)
    a. Introdución (páx. 4)
        i. Finalidade da ESO
        ii. Obxectivos da etapa  e de 4º ESO
    b. Contextualización (páx. 11)
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. (páx. 12)
    a. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais (páx. 17)
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso. (páx. 39)
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: (páx. 42)
    a. Temporalización.
    b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
    c. Procedementos e instrumentos de avaliación.
        i. Modelo de Exame ou Proba Escrita
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia. (páx. 90)
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. (páx. 92)
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. (páx. 96)
    a. Criterios de Avaliación
    b. Criterios de Cualificación
    c. Criterios de Promoción
8. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente. (páx. 98)
9. Organización das actividades para as materias pendentes. (páx. 101)
10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. (páx. 104)

   a. Modelo de Avaliación Inicial

   b. Cadro para a Avaliación Inicial

   c. Medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados

12. Medidas de atención á diversidade. (páx. 111)

13. Concreción dos elementos transversais (páx. 112)

14. Actividades complementarias e extraescolares. (páx. 115)

   a. Actividades Complementarias

   b. Actividades Extraescolares

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. (páx. 117)

16. Integrantes do Departamento, acordo e sinatura da Programación (páx. 120)

## ANEXOS

1. **Acordos para o Tratamento Integrado de Linguas (TIL)**

2. **Programación didáctica para o Ámbito Lingüístico e Social de 4ºESO-B/E**

# 1. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da **competencia comunicativa** do alumnado. O seu obxectivo primordial é garantir que, ao final desta etapa educativa, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

Segundo o Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato: *A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.*

A lingua é, en consecuencia, unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas
- para adquirir novos coñecementos e entender a realidade
- para analizar criticamente a información
- para xerar e difundir ideas e opinións
- para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións

Por todo isto a nosa materia organízase en cinco Bloques de Contidos que deben atender á aprendizaxe instrumental da lingua, mais tamén ao seu coñecemento formal, así como á comprensión e valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e, finalmente, ao fomento da lectura, a través do estudo da Literatura, como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Seguindo o Decreto 86/2015, antes citado: A situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este enfoque metodolóxico considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. É o que entendemos por Tratamento Integrado das Linguas (TIL). No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. *Non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.*

*Non esquezamos que si ainda somos galegos é por obra e gracia do idioma*, dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir tamén no “por que” da situción social da lingua propia de Galicia e non só no “como” funciona esa lingua.

Mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes adquiridas a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria, a ESO debe favorecer o desenvolvemento de operacións formais, de razoamentos lóxicos e conceptuais, e dicir, debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación; mais tamén como instrumento de representación, a través da conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica; así como a conciencia da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Agora ben, o fomento do uso (procedementos) e do aprecio (actitudes) deberá constatarse, obxectivamente, na práctica e nos coñecementos teóricos (conceptos) dos alumnos e alumnas. Se ben, a variedade de contidos que o alumnado debe adquirir non son mais que un instrumento ao servizo do desenvolvemento das competencias clave e do logro dos obxectivos xerais da etapa.

En consecuencia , a aprendizaxe de Lingua e Literatura Galegas na ESO estará orientada a un triple obxectivo:

1) o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais ( escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos xa adquiridos na Educación Primaria;
2) o coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua propia de Galicia, nun contexto multicultural e plurilingüe, posto que a identidade propia refórzase no recoñecemento da identidade das demais persoas;
3) o coñecemento da Literatura Galega (etapas, autores e obras), como

manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións.

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, como diferenzas na intensidade coa que se traballan eses contidos. Polo tanto, **a secuenciación dos contidos non implica unha selección dos que se dan en cada curso, senón que pretende sinalar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar.** Do mesmo xeito **os criterios de avaliación dos distintos cursos só se distinguirán na autonomía que os alumnos/as deberán demostrar na asimilación e uso práctico dos contidos, en función da súa madureza e de que se trate de avaliar a adquisición de novas habilidades ou a activación das vellas.**

Tendo en conta o parágrafo anterior e seguindo a LOMCE, entendemos os tres primeiros cursos da ESO como un único ciclo, no que os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e a metodoloxía serán os mesmos, só se diferenciarán en cada curso, como acabamos de sinalar, no grao de profundidade con que sexan abordados. Isto implica unha estreita colaboración entre os membros do Departamento para poder lograr unha coordinación adecuada.

Consideramos que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita débense realizar conxuntamente, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia,...) aparecen reflectidas na segunda (faltas de ortografía, falta de recursos para expresar o que se sabe, problemas de construción sintáctica e redacción...). Por isto, o traballo basearase na comprensión e expresión-produción de textos orais e escritos**,** ou o que é o mesmo, *priorizaremos a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos,* seguindo o Decreto 85/2015, xa citado.

Todas as materias do currículo de ESO precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas e os obxectivos desta materia non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua Galega e Literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo. De aí a necesidade de

traballar mediante proxectos que impliquen varias disciplinas, especialmente é preciso asegurar a coordinación do profesorado que imparte as linguas no centro, buscando sempre o fomento do plurilingüismo propio da sociedade na que vivimos. Ou, como xa sinalamos máis arriba, seguindo as indicacións do Decreto 85/2015, *a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.*

Esta Introdución, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap.III da LOE 2/2006, modificado polaLOMCE 8/2013; o Decreto 85/2015*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato;* o cap.V da Resolución *do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditaninstrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia;* así como a Orde ECD/65/2015*por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.*

Desde este marco lexislativo queremos abordar, antes de dar remate a esta parte introdutoria, a finalidade e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, tal e como aparecenrecollidos no punto 2 do artigo 22 e no artigo 23 do cap.III da LOE 2/2006, así como no título I, capítulo I, artigos 8 e 9 do Decreto 85/2015.

# a. Finalidade da ESO

*A finalidade da ESO consiste en lograr que os alumnos/as adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa*

*inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.*

*A ESO organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado* (adaptacións de currículo, integración de materias en ámbitos, agrupamentos flexíbeis, desdobramentos dos grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo e programas de tratamento personalizado*).*

*Todas estas medidas estarán orientadas á consecución dos obxectivos da ESO e á adquisición das competencias correspondentes por parte de todo o alumnado e non poderán supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.*

# b. Obxectivos da etapa que deben ficar acadados en 4ºESO

| | |
|---|---|
| *1.* | *Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.* |
| *2.* | *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...* |
| *3.* | *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.* |
| *4.* | *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.* |
| *5.* | *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir unha preparación básica no campo das* |

| | |
|---|---|
| | *tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.* |
| *6.* | *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en matérias...* |
| *7.* | *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.* |
| *8.* | *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da Literatura.* |
| *9.* | *Comprender e expresarse nunha ou en máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.* |
| *10.* | *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.* |
| *11.* | *Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.* |
| *12.* | *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, co consumo, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.* |
| *13.* | *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.* |
| *14.* | *Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia  e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.* |

# CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. É esta unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Se ben, nos últimos catro anos detectamos actitudes negativas cara a lingua por parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade em xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoien o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribiren castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica *proactiva* que sitúe ao alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica da Lingua Galega como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

# 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No marco das orientacións realizadas pola Unión Europea, insístese na necesidade da adquisición das **competencias clave**. Nos últimos anos definíronse oito competencias clave esenciais, que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. Foran incorporadas ao sistema educativo español coa LOE 2/2006 baixo o nome de competencias básicas. Agora a LOMCE 8/2013 pon o seu empeño nun modelo curricular baseado no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial ECD/65/2015, *a competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais. É un "saber facer".*

A inclusión das competencias básicas no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.

- Facer que os estudantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Esta competencia refírese *á utilización da*

*linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.*

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

*En Galiza, recollendo as normas do Estatuto de Autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.*

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas:

- **Competencia para aprender a aprender (CAA).** A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:
  - Lectura comprensiva
  - Conversación reflexiva
  - Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas
  - Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios

- Exposición e conclusións sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección
- Capacidade de auto e coavaliación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.

• **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:

- Obradoiros de escrita
- Lectura dramatizada de obras literarias
- Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal)
- Uso das TIC
- Uso da Biblioteca

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, así como á súa capacidade para traballar en equipo,a través dainvestigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.

• **Competencia dixital (CD).** A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa

reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de dicionarios dixitais
- Uso de correctores ortográficos
- Uso de enciclopedias virtuais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.

Dentro do currículo da materia inclúese o uso de soportes electrónicos para a exposición dos contidos por parte do docente, para a presentación de traballos de investigación por parte do alumnado, e para o desenvolvemento do Proxecto Lector por ambas partes.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo de Lingua moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempregar as funcións de comunicación e representación. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).

- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a.

- Capacidade de diálogo.

Dentro do currículo da materia inclúese o desenvolvemento na aula de conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto polo turno de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

• **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC)**. Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literiario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular:

- Visita a museos
- Participación en concertos
- Asistencia a representacións teatrais
- Proxeccións de filmes e documentais na Sala de Audiovisuais
- Realización de roteiros literarios

Dentro do currículo da materia inclúese saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais. Ademais da lectura permanente na aula de textos literarios.

• **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**. A lingua non se aprende só para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto.

É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver o pensamento científico:

- Lectura de mapas
- Comentario de gráficas
- Interpretación de estatísticas

Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de Sociolingüística e Historia da Lingua.

# a) Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | | **31** | | | **7** | |
| **CCL** | ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.<br>▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.<br>▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.<br>▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.<br>▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).<br>▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.<br>▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.<br>▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.<br>▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.<br>▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.<br>▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.<br>▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. | **31** | **100%** | 1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical.<br><br>2. Comprende e interpreta a intención comunicativa, a tese e os argumentos de textos orais (debates, charlas, exposicións, conferencias explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas, respectando as propiedades textuais.<br><br>3. Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.<br><br>4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br><br>5. Produce textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.<br><br>6. Interpreta as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación e é quen de manter unha postura crítica rexeitándoas e defendendo a súa postura nun coloquio ou debate.<br><br>7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación | **7** | **100%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | ▪ LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.<br>▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.<br>▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).<br>▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.<br>▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.<br>▪ LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.<br>▪ LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.<br>▪ LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.<br>▪ LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.<br>▪ LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.<br>▪ LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.<br>▪ LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.<br>▪ LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.<br>▪ LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | | | concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | ▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.<br>▪ LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | | | | | |
| **CAA** | ▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.<br>▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.<br>▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.<br>▪ LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.<br>▪ LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.<br>▪ LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.<br>▪ LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.<br>▪ LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.<br>▪ LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.<br>▪ LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.<br>▪ LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | **11** | **35%** | 1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical.<br><br>2. Comprende e interpreta a intención comunicativa, a tese e os argumentos de textos orais (debates, charlas, exposicións, conferencias explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas, respectando as propiedades textuais.<br><br>4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br><br>6. Interpreta as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación e é quen de manter unha postura crítica rexeitándoas e defendendo a súa postura nun coloquio ou debate.<br><br>7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | **5** | **71%** |
| **CSC** | ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.<br>▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.<br>▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos | **10** | **32%** | 2. Comprende e interpreta a intención comunicativa, a tese e os argumentos de textos orais (debates, charlas, exposicións, conferencias explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas, respectando as propiedades textuais. | **6** | **85%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.<br>▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>▪ LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.<br>▪ LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.<br>▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.<br>▪ LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | | | 3. Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.<br>4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br>5. Produce textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.<br>6. Interpreta as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación e é quen de manter unha postura crítica rexeitándoas e defendendo a súa postura nun coloquio ou debate.<br>7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| **CSIEE** | ▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).<br>▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.<br>▪ LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | **5** | **16%** | 1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea3 xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical.<br>4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br>7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | **3** | **42%** |
| **CD** | ▪ LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. | **1** | **3%** | 7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | **1** | **14%** |
| **CCEC** | ▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.<br>▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.<br>▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | **3** | **9'6%** | 1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical.<br>4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br>7. Produce (servíndose de guións e con | **3** | **42%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | | | | axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose. | | |
| **CMCCT** | | **0** | | | **0** | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | | **33** | | | **6** | |
| **CCL** | ▪ LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).<br>▪ LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.<br>▪ LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.<br>▪ LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.<br>▪ LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.<br>▪ LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.<br>▪ LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).<br>▪ LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.<br>▪ LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.<br>▪ LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.<br>▪ LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.<br>▪ LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao | **33** | **100%** | 8. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato.<br><br>9. Comprende e interpreta os distintos tipos de textos e é quen de analizalos para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>10. Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal . con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria.<br><br>11. Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>12. Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección | **6** | **100%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | director, editorial, columna e artigo de opinión.<br>▪ LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.<br>▪ LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).<br>▪ LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.<br>▪ LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.<br>▪ LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.<br>▪ LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.<br>▪ LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.<br>▪ LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).<br>▪ LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.<br>▪ LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.<br>▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.<br>▪ LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.<br>▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.<br>▪ LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas | | | da propia produción textual.<br><br>13. Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos. | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | etc.<br>▪ LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.<br>▪ LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).<br>▪ LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.<br>▪ LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.<br>▪ LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.<br>▪ LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.<br>▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | | | | | |
| **CAA** | ▪ LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).<br>▪ LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.<br>▪ LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.<br>▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. | **4** | **12%** | 8. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato.<br><br>11. Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>12. Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades | **3** | **50%** |

<table>
<tr><th colspan="7">Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso</th></tr>
<tr><th>Compe-tencias clave</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Nº</th><th>PORCEN-TAXES</th><th>Concreción estándares</th><th>Nº</th><th>PORCENTAXES</th></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td>textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>CSC</td><td>
<ul>
<li>LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).</li>
<li>LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.</li>
<li>LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.</li>
<li>LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).</li>
<li>LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.</li>
<li>LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.</li>
<li>LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.</li>
<li>LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.</li>
<li>LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.</li>
<li>LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.</li>
<li>LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de</li>
</ul>
</td><td>14</td><td>42%</td><td>9. Comprende e interpreta os distintos tipos de textos e é quen de analizalos para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>10. Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal . con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria.<br><br>13. Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos.</td><td>3</td><td>50%</td></tr>
</table>

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | reclamación).<br>▪ LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.<br>▪ LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.<br>▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | | | | | |
| **CSIEE** | ▪ | **0** | | 9. Comprende e interpreta os distintos tipos de textos e é quen de analizalos para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>12. Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.<br><br>13. Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos. | **3** | **50%** |
| **CD** | ▪ LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.<br>▪ LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.<br>▪ LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen | **11** | **33%** | 8. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato.<br><br>11. Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas | **3** | **50%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.<br>▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.<br>▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.<br>▪ LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.<br>▪ LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.<br>▪ LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).<br>▪ LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.<br>▪ LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.<br>▪ LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. | | | académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br><br>12. Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual. | | |
| **CCEC** | ▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | **1** | **3%** | 10. Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal . con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria. | **1** | **16%** |
| **CMCCT** | ▪ | **0** | | 9. Comprende e interpreta os distintos tipos de textos e é quen de analizalos para a | **1** | **16%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Compe-tencias clave | Estándares de aprendizaxe | Nº | PORCEN-TAXES | Concreción estándares | Nº | PORCENTAXES |
| | | | | realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...) | | |
| | **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | **28** | | | **10** | |
| **CCL** | ▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.<br>▪ LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.<br>▪ LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.<br>▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.<br>▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.<br>▪ LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.<br>▪ LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.<br>▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.<br>▪ LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.<br>▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.<br>▪ LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>▪ LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.<br>▪ LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.<br>▪ LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.<br>▪ LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.<br>▪ LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. | **28** | **100%** | 14. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.<br><br>15. Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases e é quen de diferencialas.<br><br>16. Recoñece e usa os procedementos de creación de palabras e é quen de crear novas palabras servíndose de prefixos e sufixos e sinalando a orixe dos mesmos.<br><br>17. Coñece e usa a fonética galega e é quen de de diferenciar vogais abertas e pechadas, así como o n velar.<br><br>18. Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).<br><br>19. Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.<br><br>20. Recoñece e identifica as funcións básicas de frases, cláusulas e oracións e é quen de crear novas unidades con corrección sintáctica e con respecto polas propiedades textuais.<br><br>21. Analiza os elementos textuais e é quen de diferenciar a estrutura, a argumentación e a temática dos mesmos.<br><br>22. Produce textos (especialmente argumentativos) e é quen de dividilos en parágrafos, cunha estrutura adecuada, con corrección lingüística e respecto polas propiedades textuais.<br><br>23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, | **10** | **100%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | ▪ LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.<br>▪ LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.<br>▪ LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.<br>▪ LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.<br>▪ LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.<br>▪ LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.<br>▪ LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.<br>▪ LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.<br>▪ LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.<br>▪ LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.<br>▪ LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | | | desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | | |
| **CAA** | ▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.<br>▪ LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.<br>▪ LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.<br>▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. | **13** | **46%** | 14. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.<br><br>15. Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases e é quen de diferencialas.<br><br>16. Recoñece e usa os procedementos de creación de palabras e é quen de crear novas palabras servíndose de prefixos e sufixos e sinalando a orixe dos | **9** | **90%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | ▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.<br>▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.<br>▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.<br>▪ LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.<br>▪ LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.<br>▪ LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.<br>▪ LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.<br>▪ LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | | | mesmos.<br><br>17. Coñece e usa a fonética galega e é quen de de diferenciar vogais abertas e pechadas, así como o n velar.<br><br>19. Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.<br><br>20. Recoñece e identifica as funcións básicas de frases, cláusulas e oracións e é quen de crear novas unidades con corrección sintáctica e con respecto polas propiedades textuais.<br><br>21. Analiza os elementos textuais e é quen de diferenciar a estrutura, a argumentación e a temática dos mesmos.<br><br>22. Produce textos (especialmente argumentativos) e é quen de dividilos en parágrafos, cunha estrutura adecuada, con corrección lingüística e respecto polas propiedades textuais.<br><br>23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | | |
| **CSC** | ▪ | **0** | | 14. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.<br><br>23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | **2** | **20%** |
| **CSIEE** | | **0** | | 14. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.<br><br>18. Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións | **4** | **40%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Compe-tencias clave | Estándares de aprendizaxe | Nº | PORCEN-TAXES | Concreción estándares | Nº | PORCENTAXES |
| | | | | textuais (con progresiva autonomía).<br><br>19. Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.<br><br>23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | | |
| **CD** | LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. | **1** | **3'5%** | 18. Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).<br><br>23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | **2** | **20%** |
| **CCEC** | ▪ | **0** | | 23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | **1** | **10%** |
| **CMCCT** | ▪ | **0** | | | **0** | |
| | **Bloque 4. Lingua e sociedade** | **26** | | | **7** | |
| **CCL** | ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.<br>▪ LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.<br>▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.<br>▪ LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de | **26** | **100%** | 24. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.<br><br>25. Coñece a Lusofonía e é quen de argumentar a súa importancia dentro das linguas do mundo.<br><br>26. Coñece a Lexislacion en matria lingüística e é quen de servirse dela como | **7** | **100%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Compe-tencias clave | Estándares de aprendizaxe | Nº | PORCEN-TAXES | Concreción estándares | Nº | PORCENTAXES |
| | noticias).<br>▪ LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.<br>▪ LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.<br>▪ LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.<br>▪ LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.<br>▪ LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.<br>▪ LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.<br>▪ LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.<br>▪ LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.<br>▪ LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.<br>▪ LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.<br>▪ LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.<br>▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.<br>▪ LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha | | | argumento para derrubar prexuízos.<br><br>27. Coñece a Situación actual da lingua e é quen de analizala a través de mapas e gráficas, tiras cómicas, artigos de opinión... cunha terminoloxía sociolingüística axeitada, argumentando, en base á súa propia experiencia, a necesidade da normalización lingüística .<br><br>28. Coñece a Historia social da lingua ao longo do século XX e é quen de sinalar os feitos fundamentais, as súas causas e as consecuencias dos mesmos.<br><br>29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.<br><br>30. Coñece as Variedades da lingua e é quen de argumentar a necesidade dun estándar, así como de rexeitar os prexuízos arredor das variedades xeográficas. | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | argumentación axeitada.<br>▪ LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.<br>▪ LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.<br>▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.<br>▪ LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.<br>▪ LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.<br>▪ LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | | | | | |
| **CAA** | | **0** | | 24. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.<br><br>29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos. | **2** | **28'5%** |
| **CSC** | ▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.<br>▪ LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).<br>▪ LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.<br>▪ LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.<br>▪ LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos<br>▪ LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía | **16** | **61'5%** | 24. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.<br><br>26. Coñece a Lexislacion en materia lingüística e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.<br><br>27. Coñece a Situación actual da lingua e é quen de analizala a través de mapas e gráficas, tiras cómicas, artigos de opinión... cunha terminoloxía socilolingüística axeitada, argumentando, en base á súa propia experiencia, a necesidade da | **5** | **71%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | apropiada.<br>▪ LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.<br>▪ LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.<br>▪ LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.<br>▪ LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.<br>▪ LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.<br>▪ LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.<br>▪ LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.<br>▪ LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega<br>▪ LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.<br>▪ LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | | | normalización lingüística .<br><br>29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.<br><br>30. Coñece as Variedades da lingua e é quen de argumentar a necesidade dun estándar, así como de rexeitar os prexuízos arredor das variedades xeográficas. | | |
| **CSIEE** | | **0** | | 24. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia. | **1** | **14%** |
| **CD** | ▪ LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).<br>▪ LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.<br>▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, | **4** | **15%** | 29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos. | **1** | **14%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | | | | | |
| ▪ **CCEC** | ▪ LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.<br>▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.. | **4** | **15%** | 25. Coñece a Lusofonía e é quen de argumentar a súa importancia dentro das linguas do mundo.<br><br>28. Coñece a Historia social da lingua ao longo do século XX e é quen de sinalar os feitos fundamentais, as súas causas e as consecuencias dos mesmos. | **2** | **28%** |
| **CMCCT** | ▪ | **0** | | 29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos. | **1** | **14%** |
| | **Bloque 5. Educación literaria** | **13** | | | **3** | |
| **CCL** | ▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.<br>▪ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.<br>▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente | **13** | **100%** | 31. Coñece as diferenzas entre os distintos períodos da Literatura desde 1916 á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais.<br><br>32. Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente.<br><br>33. Produce poemas ou relatos sinxelos e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula. | **3** | **100%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | ▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.<br>▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.<br>▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.<br>▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.<br>▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | | | | | |
| **CAA** | | **0** | | 31. Coñece as diferenzas entre os distintos períodos da Literatura desde 1916 á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais.<br><br>32. Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente.<br><br>33. Produce poemas ou relatos sinxelos e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula. | **3** | **100%** |
| **CSC** | | **0** | | | **0** | **%** |
| **CSIEE** | | **0** | | 31. Coñece as diferenzas entre os distintos | **1** | **33%** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Compe-tencias clave** | **Estándares de aprendizaxe** | **Nº** | **PORCEN-TAXES** | **Concreción estándares** | **Nº** | **PORCENTAXES** |
| | | | | períodos da Literatura desde 1916 á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais. | | |
| **CD** | ▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | **1** | | 32. Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente. | **1** | **33%** |
| **CCEC** | ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | **2** | | 33. Produce poemas ou relatos sinxelos e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula. | **1** | **33%** |
| **CMCCT** | | **0** | | | **0** | |
| ▪ ***Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.*** | | | | | | |

No **Decreto 85/2015** atopamos **131 estándares avaliables** para o nivel de 4ºESO, así como un número determinado de estándares vinculados a cada competencia clave. En consecuencia, atopamos no conxunto da materia as seguintes porcentaxes:

| Competencias clave | Número de Estándares de aprendizaxe vinculados a cada competencia clave (131) | PORCENTAXES (peso de cada competencia no conxunto da materia) |
|---|---|---|
| CCL | 131 | **100%** |
| CAA | 28 | **21'3%** |
| CSC | 40 | **30'5%** |
| CSIEE | 5 | **3'8%** |
| CD | 18 | **6'6%** |
| CCEC | 10 | **13'7%** |
| CMCCT | 0 | **0%** |

Despois de realizar a **concreción dos estándares avaliables**, os 131 estándares de partida quedan organizados arredor de **33 estándares vinculados ás distintas competencias clave**. En consecuencia, as porcentaxes das que nos serviremos para a avaliación das competencias clave na materia de LGL para o nivel de 4ºESO serán as que seguen:

| Competencias clave | Número de Estándares de aprendizaxe concretos vinculados a cada competencia clave (33) | PORCENTAXES (peso de cada competencia no conxunto da materia) |
|---|---|---|
| CCL | 33 | **100%** |
| CAA | 22 | **66%** |
| CSC | 16 | **48%** |
| CSIEE | 12 | **36%** |
| CD | 8 | **24%** |
| CCEC | 8 | **24%** |
| CMCCT | 2 | **6%** |

# 3. OBXECTIVOS PARA O CURSO

Tal e como se enumeraban no Anexo II do Decreto 133/2007, así presentamos os obxectivos xerais da área, que serán os mesmos para cada un dos cursos do primeiro ciclo de ESO, se ben deberán ser acadados en distitos graos segundo o curso no que se atope o alumno/a:

*1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.* Centrando a comprensión e produción textual na prensa escrita e dixital e nos medios de comunicación audiovisuais, moi especialmente no xornalismo de opinión.

*2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.* Desenvolvendo correcta e adecuadamente a escoita activa.

*3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.* Producindo comentarios críticos, textos argumentativos e textos expositivos.

*4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e máis para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.* Seleccionando información de distintas fontes, elaborando esquemas e resumos, para dotar de contidos textos expositivos, textos argumentativos, artigos de opinión...

*5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as Bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC, para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.* Contrastando criticamente as diferentes maneiras de expor a mesma información, diferenciando opinión de información e rexeitando argumentadamente os prexuízos.

*6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e máis para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.* Respectando as propiedades textuais, así como as normas ortográficas e gramaticais; sabendo diferenciar todas as clases de palabras, así como as normas de formación de novas palabras e as funcións e relacións que cada unidade cumpre no seo doutra maior, aplicando as regras de concordancia entre elas.

*7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galiza, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.* Rexeitando argumentadamente todos os prexuízos lingüísticos.

*8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado Español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.* Defendendo o plurilingüismo desde o respecto á lingua propia de Galicia.

*9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.* Mantendo unha actitude contraria aos prexuízos e procurando e súa erradicación.

*10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.* Practicando a lectura como hábito cotiá.

*11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.* Elaborando todo tipo de comentario de textos.

*12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.* Relacionándoo coas restantes manifestacións artísticas e culturais.

# Relación dos ObxectivoscosContidos, os Criterios de Avaliación, os Estándares de Aprendizaxe e as Competencias Clave (Decreto 85/2015)

# 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.** | | | | | | | | |
| • d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. | ▪ As pautas serán dadas no inicio do **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. | ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL | ▪ Elaboración de resumos orais e escritos<br>▪ Intervencións cotiás na aula<br>▪ Coloquio ou Debate arredor das tarefas domésticas, da publicidade sexista e da violencia machista.<br>▪ Elaboración de comentarios críticos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Exposición oral do Traballo de Investigación | **1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical.** |
| | | | | ▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de | | ▪ B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, | ▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | comunicación audiovisual. | | diferenciar neles información, opinión e persuasión. | ▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). | ▪ CCL<br>▪ CSEIEE | ▪ Análise e comentario de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Exposición oral do Traballo de Investigación | |
| | | | | ▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. | ▪ CLL<br>▪ CCEC | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | ▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | **2. Comprende e interpreta a intención comunicativa, a tese e os argumentos de textos orais (debates, charlas, exposicións, conferencias explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas, respectando as propiedades textuais.** |
| | | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. | | ▪ B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais. | ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | ▪ CCL | | | |

**Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso**

| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | | ▪ B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Participación en debates e charlas espontáneas | ▪ Labor de Aula<br>▪ Exposición oral do Traballo de Investigación | **3. Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.** |
| | | | | ▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | | | **4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.** |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao | ▪ B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Autocorrección e corrección dos demais | | |
| | | | | ▪ LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Participación en debates e conversas | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | | longo de **todo o curso.** | | ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | espontáneas<br>▪ Intervencións cotiás na aula | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | | ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CLL<br>▪ CSC | | | **5. Produce textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.** |
| | | | | ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL | ▪ Participación en debates e conversas espontáneas<br>▪ Intervencións cotiás na aula<br>▪ Exposicións orais<br>▪ Participación en coloquios | ▪ Labor de Aula<br>▪ Exposición oral do Traballo de Investigación<br>▪ Labor de Aula<br>▪ Exposición oral do Traballo de Investigación | |
| | | | | ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre** | ▪ B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar | ▪ LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | **6. Interpreta as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación e é quen** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ h | mensaxes discriminatorias. | ▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | prexuízos e mensaxes discriminatorias. | ▪ LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | **de manter unha postura crítica rexeitándoas e defendendo a súa postura nun coloquio ou debate.** |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC. | | ▪ B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC. | ▪ LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. | ▪ CAA<br>▪ CCL | | | **7. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose.** |
| | | | | ▪ LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | | | |
| | | | | ▪ LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ Procura de información na rede seguindo unhas pautas dadas | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á | | ▪ B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á | ▪ LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Autocorríxese e corrixe aos demais | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas | | avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas. | fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións. | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | ▪ LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Participación en debates | | |
| | | | | ▪ LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Participación en debates, conversas espontáneas e coloquios<br>▪ Intervencións cotiás na aula | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. | | ▪ B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. | ▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. | | ▪ B2.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais. | ▪ LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ | ▪ | ▪ |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | | | | | | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos | ▪ LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Elaboración de resumos e esquemas<br>▪ Análise e comentario de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación<br>▪ Proba escrita | **8. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato.** |
| | | | | ▪ LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre** | ▪ B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao | ▪ LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. | ▪ CCL | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | ámbito laboral, administrativo e comercial. | ▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ámbito laboral, administrativo e comercial. | ▪ LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación). | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Análise e interpretación de diferentes tipos de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación<br>▪ Proba escrita | **9. Comprende e interpreta os distintos tipos de textos e é quen de analizalos para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)** |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. | | ▪ B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. | ▪ LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. | ▪ CCL<br>▪ CD | | | |
| | | | | ▪ LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. | ▪ CCL | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou | ▪ B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos. | ▪ LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto. | ▪ CCL | ▪ Elaboración de comentarios | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | ▪ LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | ▪ CCL<br>▪ CSC | críticos a partir de textos xornalísticos de opinión | | **10. Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal . con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria.** |
| | | | | ▪ LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación<br>▪ Proba escrita | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. | ▪ LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias. | | ▪ B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital. | ▪ LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ Procura e selección de información en todo tipo de soportes | | **11. Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)** |
| | | | | ▪ LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | ▪ B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). | ▪ LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). | ▪ CCL | ▪ Elaboración de guións para as exposicións orais e a produción de textos argumentativos e expositivos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación<br>▪ Proba escrita | **12. Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.** |
| | | | | ▪ LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. | ▪ CCL | ▪ Produción de todo tipo de textos, especialmente expositivos e argumentativos.<br>▪ Producións | | |
| | | | | ▪ LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión. | ▪ CCL | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | | | | ▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. | ▪ CCL<br>▪ CD | textuais adecuadas, coherentes, cohesionadas e correctas desde o punto de vista ortográfico e gramatical.<br>▪ Producións textuais servíndose das TIC para a autocorrección e para a súa dinamización | | |
| | | | | ▪ LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. | ▪ CCL | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. | ▪ As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | ▪ B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. | ▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | | | |
| | | | | ▪ LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc. | ▪ CCL<br>▪ CD | | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación<br>▪ Proba escrita | |
| | | | | ▪ LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial. | ▪ As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | ▪ B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais. | ▪ LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | | | **13. Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos.** |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. | ▪ As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | ▪ B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. | ▪ LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ Produción de todo tipo de textos, especialmente expositivos e argumentativos. | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre** | ▪ B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir | ▪ LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ Produción de todo tipo de textos, especialmente expositivos e | ▪ Labor de Aula<br>▪ Elaboración do traballo de investigación | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | da información obtida de distintas fontes. | ▪ As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | da información obtida de distintas fontes. | ▪ LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. | ▪ CCL<br>▪ CD | argumentativos. | ▪ Proba escrita | |
| | | | | ▪ LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida. | ▪ CCL | ▪ Análise e comentario de textos | | |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. | ▪ | ▪ B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo. | ▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ | | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | | | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de **léxico** suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. | ▪ As situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía. | ▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Producións textuais | ▪ Labor de Aula<br>▪ Proba escrita | **14. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.** |
| | | | | ▪ LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B3.2. Recoñecemento e uso **das formas verbais da lingua galega e das** | ▪ As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>▪ As actividades | ▪ B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua | ▪ LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | **15. Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases e é quen de diferencialas.** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | **perífrases**. | prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | galega. | | | | | |
| | | | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos **procedementos de creación de palabras**. | | ▪ B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina. | ▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Análise morfolóxica | ▪ Labor de Aula<br>▪ Proba escrita | **16. Recoñece e usa os procedementos de creación de palabras e é quen de crear novas palabras servíndose de prefixos e sufixos e sinalando a orixe dos mesmos.** |
| | | | | ▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |
| | | | | ▪ LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega. | ▪ CCL | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.4. A **fonética e a fonoloxía** do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación). | ▪ As pautas serán dadas no **3º trimestre**<br>▪ As situacións de aprendizaxe no **3º trimestre.** | ▪ B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. | ▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Intervencións cotiás na aula | | **17. Coñece e usa a fonética galega e é quen de de diferenciar vogais abertas e pechadas, así como o n velar.** |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ nl | ▪ B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre | ▪ As situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para | ▪ LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ Procura e selección de información en todo tipo de soportes | | **18. Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa. | | resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario. | na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. | | | | **progresiva autonomía).** |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ As situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Producións textuais | ▪ Labor de Aula<br>▪ Proba escrita | **19. Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.** |
| | | | | ▪ LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ CCL | | | |
| ▪ e | ▪ B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica. | ▪ As situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. | ▪ LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. | ▪ CCL | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do | ▪ As pautas serán dadas no **3º trimestre**<br>▪ As situacións de aprendizaxe no **3º trimestre.** | ▪ B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos. | ▪ LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Sinxela análise sintáctica | | **20. Recoñece e identifica as funcións básicas de frases, cláusulas e oracións e é quen de crear novas unidades con corrección sintáctica e con respecto polas propiedades textuais.** |
| | | | | ▪ LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. | ▪ CCL | ▪ Producións textuais | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | predicado. | | | ▪ LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. | ▪ CCL | ▪ Sinxela análise sintáctica | | |
| | | | | ▪ LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta. | ▪ CCL | | | |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual. | ▪ As pautas serán dadas no **3º trimestre**<br>▪ As situacións de aprendizaxe no **3º trimestre.** | ▪ B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | ▪ LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Producións textuais | | |
| ▪ e | ▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros. | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As actividades e situacións de aprendizaxe xeraranse ao longo **do curso.** | ▪ B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros. | ▪ LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. | ▪ CCL | ▪ Análise de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Proba escrita | **21. Analiza os elementos textuais e é quen de diferenciar a estrutura, a argumentación e a temática dos mesmos.** |
| | | | | ▪ LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | | | |
| | | | | ▪ LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática. | ▪ CLL | ▪ Produción de todo tipo de textos | | **22. Produce textos (especialmente argumentativos) e é quen de dividilos en** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos. | | ▪ B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos. | ▪ LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias. | ▪ CCL | ▪ Análise de textos | | **parágrafos, cunha estrutura adecuada, con corrección lingüística e respecto polas propiedades textuais.** |
| | | | | ▪ LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade. | ▪ CCL | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. | | ▪ B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada. | ▪ LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Análise e comentario de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Proba escrita | |
| | | | | ▪ LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. | ▪ CCL | ▪ Producións textuais adecuadas, coherentes, cohesionadas e correctas desde o punto de vista ortográfico e gramatical. | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto | ▪ As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>▪ As situacións de aprendizaxe real xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto | ▪ LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Elaboración dos traballos de investigación<br>▪ Participación en proxectos transversais | | **23. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | | curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | | | | | **aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.** |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | | ▪ B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Desenvolvemento dos acordos TIL | | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade.** | | | | | | | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>▪ B4.2. O plurilingüismo como | ▪ Os contidos exporanse no inicio do curso.<br>▪ As situacións de aprendizaxe real xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza | ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Intervencións cotiás na aula<br>▪ Participación en coloquios e debates<br>▪ Elaboración de comentarios críticos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación<br>▪ Proba escrita | **24. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>▪ B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. | | cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. | ▪ LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. | ▪ CCL | ▪ Produción de textos argumentativos<br>▪ Análise de todo tipo de textos (escritos, orais, visuais e audiovisuais) | | **manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.** |
| | | | | ▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | **25. Coñece a Lusofonía e é quen de argumentar a súa importancia dentro das linguas do mundo.** |
| | | | | ▪ LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias). | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución. | ▪ As pautas serán dadas no **3º trimestre**<br>▪ As situacións de aprendizaxe real xeraranse ao longo do **3º trimestre.** | ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución. | ▪ LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Intervencións cotiás na aula<br>▪ Participación en coloquios e debates<br>▪ Elaboración de comentarios críticos<br>▪ Produción de textos argumentativos<br>▪ Análise de todo tipo de | | **26. Coñece a Lexislacion en matria lingüística e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.** |
| | | | | ▪ LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | **27. Coñece a Situación actual da lingua e é quen de analizala a través de mapas e gráficas, tiras cómicas, artigos de opinión... cunha terminoloxía socilolingüística** |
| | | | | ▪ LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD | | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | | | | ▪ LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. | ▪ CCL<br>▪ CSC | textos (escritos, orais, visuais e audiovisuais)<br>▪ Elaboración de definicións adecuadas<br>▪ Interpretación e comentario de tiras cómicas | ▪ Proba escrita | **axeitada, argumentando, en base á súa propia experiencia, a necesidade da normalización lingüística .** |
| | | | | ▪ LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | ▪ Os contidos exporanse no inicio do curso.<br>▪ As situacións de aprendizaxe real xeraranse ao longo do **curso.** | ▪ B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | ▪ LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e | ▪ Os contidos do 16 ao 36 abordaranse no **1º trimestre**.<br>▪ Os contidos do 36 ao 76 abordaranse no | ▪ B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas | ▪ LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. | ▪ CCL | ▪ Elaboración de tres traballos de investigación arredor das tres etapas da Historia da lingua desde o 1916 até a | | **28. Coñece a Historia social da lingua ao longo do século XX e é quen de sinalar os feitos fundamentais, as súas causas e as consecuencias dos mesmos.** |
| | | | | ▪ LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. | ▪ CCL<br>▪ CCE C | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | consecuencias dos feitos máis relevantes. | **2º trimestre-**<br>▪ Os contidos do 76 á actualidade abrodaranse no **3º trimestre**. | etapas desde 1916. | ▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | actualidade. | | |
| | | | | ▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | | | |
| | | | | ▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | | | **29. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.** |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. | ▪ Os contidos exporanse no **3º trimestre.**<br>▪ As actividades de aprendizaxe realizaranse ao longo do **3º trimestre.** | ▪ B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. | ▪ LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ Intervencións cotiás na aula<br>▪ Participación en coloquios e debates<br>▪ Elaboración de comentarios críticos<br>▪ Produción de textos argumentativos<br>▪ Análise de todo tipo de textos | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación<br>▪ Proba escrita | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.8. Prexuízos lingüísticos. | ▪ Os contidos exporanse no **1º trimestre.** | ▪ B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | ▪ LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | | ▪ As actividades e situacións reais de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **curso.** | | ▪ LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente. | ▪ CCL<br>▪ CSC | (escritos, orais, visuais e audiovisuais)<br>▪ Elaboración de definicións adecuadas<br>▪ Interpretación e comentario de tiras cómicas | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | ▪ Os contidos exporanse no **3º trimestre.**<br><br>▪ As actividades de aprendizaxe realizaranse ao longo do **3º trimestre.** | ▪ B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. | ▪ LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Análise de textos das distintas variedades da lingua | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación<br>▪ Proba escrita | **30. Coñece as Variedades da lingua e é quen de argumentar a necesidade dun estándar, así como de rexeitar os prexuízos arredor das variedades xeográficas.** |
| | | | | ▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| | | | | ▪ LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | | | |
| **Bloque 5. Educación literaria.** | | | | | | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ Os contidos e obras do 16 ao 36 abordaranse no **1º trimestre**.<br>▪ Os contidos e obras do 36 ao 76 abordaranse no **2º trimestre.**<br>▪ Os contidos e obras do 76 á actualidade abrodaranse no **3º trimestre**. | ▪ B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ CCL | ▪ Elaboración de tres traballos de investigación arredor das tres etapas da Historia da Literatura desde o 1916 até a actualidade<br>▪ Análise e comentario de textos narrativos, dramáticos, ensaísticos e poéticos desde 1916 até a actualidade. | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación<br>▪ Proba escrita | **31. Coñece as diferenzas entre os distintos períodos da Literatura desde 1916 á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais.** |
| | | | | ▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. | ▪ CCL | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | | ▪ B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | ▪ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. | ▪ CCL | | | |
| | | | | ▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ▪ CCL | | ▪ Labor de Aula<br>▪ Traballo de Investigación<br>▪ Proba escrita | |
| | | | | ▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ▪ CCL | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| | | | | ▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. | ▪ CCL | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | | ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ CCL | ▪ Participación en tarefas de lectura convocadas polo ENDLG e/ou pola Biblioteca do Centro<br>▪ Participa en encontros cos autores/as contemporáneos e elabora artigos relacionados con estas tarefas. | ▪ Tarefas Voluntarias | |
| | | | | ▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. | ▪ CCL | | ▪ Tarefas Voluntarias | |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | | ▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | ▪ CCL | ▪ Elaboración de tres traballos de investigación arredor das tres etapas da Historia da Literatura desde o 1916 | ▪ Traballo de Investigación | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de Avaliación** | **Instrumentos de Avaliación** | **Concreción dos estándares de aprendizaxe** |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | | ▪ B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | ▪ CCL | até a actualidade | | **32. Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente.** |
| | | | | ▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | ▪ Creación de textos literarios ao longo de todo o **curso.** | ▪ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Creación de producións literarias propias | ▪ Tarefas Voluntarias | **33. Produce poemas ou relatos sinxelos e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula.** |
| | | | | ▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | | | |

## a) Temporalización

O Decreto 85/2015 que desenvolve o currículo para a ESO sinala os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura e distribúe eses contidos en cinco bloques, como xa recollemos máis arriba. Á hora de organizar eses contidos e levalos á práctica docente cotiá resulta imprescindíbel que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar. Para iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe será necesario presentarlle ao alumnado os contidos que se van traballar, as actividades que se van realizar, os obxectivos que se perseguen e os critrios de avaliación de que se servirá a persoa docente. Isto levarase a cabo a través das **Programacións de Aula**, que serán entregadas ao alumnado no inicio de curso ou de cada trimestre e que conterán os **Instrumentos de Avaliación, Criterios de Cualificaicón e Lecturas** para ese trimestre.

Ao inicio de cada trimestre a persoa docente entregará e explicará un **Programa de Aula**, no que se recollerán os contidos que se abordarán ese trimestre e as tarefas que arredor deles se realizarán e que servirán como instrumentos de avaliación, así como a temporalización das mesmas e o seu peso na avaliación da materia. Os obxectivos deses Programas de Aula son:

- que o alumnado organice mellor o seu proceso de aprendizaxe e distribúa mellor o seu tempo
- que o alumnado saiba o que o profesor/a espera del en cada momento
- que o alumnado entenda que está a aprender e para que o ten que aprender
- que o alumnado se sinta guiado no seu proceso de aprendizaxe

Os contidos serán levados á aula co apoio do **Libro de Texto do Consorcio Editorial Galego**.

# b) Grao mínimo de consecución para superar a materia.

**BLOQUE 1-2. Comunicación**

1. Comprende e interpreta a intención comunicativa e a idea xeral dos distintos tipos de textos orais e escritos (medios de comunicación) e é quen de elaborar unha análise ou un comentario respectando a coherencia e a corrección gramatical, para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)

3. Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.

4. Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.

5. Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal, con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria, nun coloquio ou debate.

6. Coñece e utiliza as técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato. Así mesmo, utiliza técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.

7. Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos.

8. Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose.

**BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

9. Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros. Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).

10. Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases e é quen de diferencialas.

11. Recoñece e usa os procedementos de creación de palabras e é quen de crear novas palabras servíndose de prefixos e sufixos e sinalando a orixe dos mesmos.

12. Coñece e usa a fonética galega e é quen de de diferenciar vogais abertas e pechadas, así como o n velar.

12. Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.

13. Recoñece e identifica as funcións básicas de frases, cláusulas e oracións e é quen de crear novas unidades con corrección sintáctica e con respecto polas

propiedades textuais.

14. Analiza os elementos textuais e é quen de diferenciar a estrutura, a argumentación e a temática dos mesmos.

15. Produce textos (especialmente argumentativos) e é quen de dividilos en parágrafos, cunha estrutura adecuada, con corrección lingüística e respecto polas propiedades textuais.

16. Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.

**BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

17. Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.
18. Coñece a Lusofonía e é quen de argumentar a súa importancia dentro das linguas do mundo.
19. Coñece a Lexislacion en matria lingüística e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.
20. Coñece a Situación actual da lingua e é quen de analizala a través de mapas e gráficas, tiras cómicas, artigos de opinión... cunha terminoloxía socilolingüística axeitada, argumentando, en base á súa propia experiencia, a necesidade da normalización lingüística .
21. Coñece a Historia social da lingua ao longo do século XX e é quen de sinalar os feitos fundamentais, as súas causas e as consecuencias dos mesmos.
22. Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte

arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.

23. Coñece as Variedades da lingua e é quen de argumentar a necesidade dun estándar, así como de rexeitar os prexuízos arredor das variedades xeográficas.

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

24. Coñece as diferenzas entre os distintos períodos da Literatura desde 1916 á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais.

25. Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente.

26. Produce poemas ou relatos sinxelos e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula.

# c) Procedementos e instrumentos de avaliación.

- **Traballo de aula (30%).** Participación na aula a través de intervencións espontáneas ou planificadas, que servirán para avaliar a expresión oral, o nivel de comprensión do exposto e o grao de desenvolvemento da CSIEE, CAA, CCEC e CSC. Serán avaliadas mediante o Diario de Aula a través da Observación Directa e, no caso de intervencións planificadas, a través de Rúbricas.

  O labor cotián na aula xirará arredor das destrezas orais (comprensión e expresión), distribuíndose entre as **Intervencións Espontáneas**, que

estarán ao servizo da reflexión sobre o funcionamento da lingua, e as **Intervencións Planificadas**, que xurdirán do traballo coa tipoloxía textual, é dicir, da preparación previa dun texto (comentario, argumentación, exposición...). Estas intervencións tamén estarán vinculadas á **Lectura guiada na aula**.

- **Traballo de Investigación ou Proxecto (20%).** Cada trimestre solicitarase do alumnado a realización dun ou máis traballos de investigación ou ben a súa participación nun proxecto. Servirán para avaliar o desenvolvemento de todas as competencias clave, moi especialmente as destrezas da escrita e a expresión oral a través da súa exposición na aula. Poderán versar sobre a Sociolingüística, Historia da Lingua ou Historiografía da Literatura. Serán avaliados a través de Criterios de Corrección e, no caso das exposicións orais, a través de Rúbricas ou Táboas de Indicadores.

- **Lectura autónoma (10%).** Cada trimestre o alumno/a lerá fóra da aula, de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler. Esta tarefa será avaliada a través dun *booktube*, un coloquio, unha entrevista coa persoa docente e, excepcionalmente, cunha proba escrita.

| | |
|---|---|
| 1º trimestre | - *Comedia bífida* . Núñez Singala |
| 2º trimestre | - *O mal querer*. Natalia Carou. Ed. Baía |
| 3º trimestre | - *O reencontro* de Fred Ulhman. Ed. Galaxia |

- **Proba escrita (40%).** Realizarase ao final do trimestre para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria. As cuestións da proba referidas aos coñecementos teóricos non superarán o 30% e as destrezas prácticas non serán inferiores ao 70%. O modelo será o da Avaliación Diagnóstica. Será avaliada a través dos Criterios de Corrección.

## Modelo de Proba Escrita

TEXTO

Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección babeando pola escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o desexo de chegaren a ser deuses, e renegan das inquedanzas que produce a sabedoría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración:

Un can de Turquía oubea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por qué? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal…

Un idioma non nace pola vontade xenial dun grupo de homes; nace pola predisposición psicolóxica dun pobo, que, en condicións históricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado á lingua peculiar dun pobo representa un atentado á súa cultura peculiar.

**Castelao, Sempre en Galiza- 1944**

CUESTIÓNS

1. Pónlle un título ao texto anterior.
   **(0’5 ptos.)**

2. Elabora un comentario crítico do texto.
   **(2’5 ptos)**

3. Define adecuadamente os seguintes termos, algúns tirados do texto anterior: idioma universal, mito da Torre de Babel, plurilingüismo, lingua minorizada.
   **(1 pto.)**

4. No texto aparece o enunciado *E sabedes por qué?*. De que tipo de enunciado se trata? Está ben escrito? Que outras formas e valores coñeces de “por que”?
   **(1 pto.)**

5. Identifica e corrixe os desvíos normativos que atopes no seguinte texto:
   **(1 pto.)**
   *O cuarto era moi pequeno e non tiña lus de ningunha clas. Non tardei en caer na conta de que o que o cuarto fose dese xeito debíase, sin duda algunha, ao carácter da misión. Deiteime ao longo daquela cama dura e estreita. Traíanme a comida alí e nunca endexamais me dixeron ren. Eu só escoitaba os ruídos de fóra. As mesmas palabrass que, ás vegadas, no pasillo e nas escaleiras sostiñan*

*as xentes da pensión, chegaban a min vacías de contido... Os empleados das oficiñas entraban en ringleira de a un. Diante, ía o home de uniforme roxo.*

Gonzalo Mourullo, *Memorias de Tains* (1956)

6. Explica con que concepto sociolingüístico relacionarías a seguinte caricatura de Castelao:**(1 pto.)**



**- De andar a servir se me esquenció de todo el jallego.**

**- Vaites, vaites.**

7. Partindo do traballo de Historia da Lingua realizado sobre o primeiro terzo do s. XX, desenvolve ao longo de 30 liñas, un tema baixo este título: ***A situación do galego no primeiro terzo do século XX.***

**(2 ptos.)**

8. Relaciona autores e obras das seguintes columnas.
**(1 pto.)**

| | |
|---|---|
| *Ramón Cabanillas* | *Sempre en Galiza* |
| *Vicente Risco* | *Arredor de si* |
| *Castelao* | *Da terra asoballada* |
| *Otero Pedrayo* | *O porco de pé* |
| . | *Teoría do nacionalismo galego* |
| . | *O Mariscal* |
| | *Os señores da terra* |
| . | *Os vellos non deben de namorarse* |
| . | *Os dous de sempre* |
| . | *Retrincos* |

## TAREFAS VOLUNTARIAS

Para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de tarefas voluntarias, para realizar fóra da aula e que suporán **sumar até 3 puntos, unha vez acadado o 5.**

Entre as tarefas voluntarias, o alumnado pode escoller:

- Lectura voluntarias
- Participar da vida cultural do concello asistindo a representacións teatrais, concertos…
- Participar en proxectos interdisciplinares e transversais que se estean a desenvolver no centro.
- Desenvolver o **compromiso coa dinamización da lingua galega**, que xorde da necesidade de avaliar un estándar que consideramos absolutamente fundamental, dada a situación social na que se atopa a lingua propia de Galicia e, en consecuencia, transversal a todos os demais desde 1ºESO: ***Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega*.** Pois moitos alumnos e alumnas participan nas actividades do ENL, pero cambian de lingua ao saír dos espazos destinados ás aulas de lingua galega ou da sala do equipo; polo que cremos necesario dinamizar o uso do galego en todos os ámbitos e espazos, en situacións de aprendizaxe real. Para desenvolver esta Tarefa Voluntaria e ser avaliado na mesma, o alumnado deberá demostrar un uso consciente da lingua galega, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual. Agora ben, non debemos confundir esta tarefa voluntaria (usar o galego fóra do ámbito da materia de LGL) coa obriga do uso do galego nas aulas da materia, pois tal e como recolle a lexislación vixente, **o uso da lingua galega na aula é condición indispensable para avaliar os restantes Bloques de contidos**.

# 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

O proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos sempre en articulación cos demais.

Pretendemos, desde esta programación reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.

- O sistema educativo ha de lles proporcionar as ferramentas e estratexias que lles permitan desenvolvérense na vida adulta e exerceren os seus dereitos como cidadáns e cidadás.

- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.

- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

## LIÑAS METODOLÓXICAS

Como conclusión a todo o dito anteriormente respecto á metodoloxía didáctica sérvennos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- *Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.*
- *Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.*
- *Fomentar a formulación de hipóteses.*
- *Buscar, seleccionar e tratar a información.*
- *Fomentar a confrontación clara e respectuosa.*
- *Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.*
- *Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.*
- *Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.*
- *Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.*
- *Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.*

# 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- **Xornais.**

Cada semana distribuíranse, entre o alumnado, artigos tirados dos distintos xornais en calquera soporte, referidos á sociedade galega actual (especialmente ao mundo da cultura e da lingua). Con eles os alumnos/as deberán elaborar novos artigos ou realizaren comentarios críticos sobre os mesmos.

- **Audiovisuais.**

Proxectaranse documentais relacionados coa Historia de Galicia, da Lingua e da Literatura Galegas, así como Curtas arredor do Teatro e do Cinema Galegos, como complemento ás explicacións da aula, e cunha actividade posterior para realizar polo alumnado sobre o material observado. Nos cursos ordinarios levarase isto a cabo sempre que a distribución e aproveitamento temporal da materia o permita.

- **Novas Tecnoloxías.**

No comezo de curso actualizaranse as contas de correo electrónico de todo o alumnado da ESO para poderen comunicarse a través da Aula Virtual ou do correo electrónico docente e alumno/a.

  - Aula Virtual para 4º ESO

A persoa docente procurará servirse do canón, da pantalla e do portátil para proxectar na aula imaxes que auxilien as súas exposicións teóricas en torno a calquera das unidades temáticas de cada curso. Deste xeito axudará a formar ao seu alumnado no uso das TIC, pois potenciará que os Traballos de investigación que eles realicen veñan acompañados de imaxes proxectadas a través do uso das novas tecnoloxías.

- **Sala do Equipo deNomalización Lingüística.**

Consideramos fundamental este espazo ao servizo do alumnado e do profesorado do centro, con todo tipo de materiais e recursos á súa disposición, para fomentar entre o alumnado o traballo en equipo, a súa iniciativa persoal e o espírito emprendedor, ao tempo que dinamizan a normalización lingüística no centro e derruban os prexuízos que segue a sufrir a nosa lingua. O Equipo sostén ademais estes espazos na rede:

- *Bico da Ría*
- *O Castelo da Lúa*
- *Rianxo Fala*

- **Lecturas Literarias.**

Aínda que se di reiteradamente que a lectura perde importancia na sociedade actual, os datos tirados da realidade non indican que iso sexa así. O aumento no número de libros editados, o incremento de xornais e revistas, a aparición de textos de lectura nos novos soportes informáticos e unha presenza cada vez máis ampla de textos escritos na vida cotiá indican que a lectura segue a ter unha importancia fundamental. Por isto, cremos que a lectura, tanto na súa función informativa-formativacomo na súa dimensión lúdica, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de Lingua e Literatura.

Nos catro cursos da ESO, o alumnado realizará unha lectura guiada na aula e outra autónoma fóra da aula. Ademais potenciaranse as lecturas voluntarias mediante unha listaxe de obras, adecuadas á súa idade e grao de madureza, que ao comezo de curso se lles entregará.

No Proxecto Lector do Departamento podemos atopar unha listaxe de Lecturas para 3º e 4º da ESO.

## LECTURAS VOLUNTARIAS PARA 3º e 4º ESO

- *A sombra descalza,* *An Alfaya. Ed. Xerais*
- *Ás de bolboreta,* *Rosa Aneiros.* Ed. Galaxia
- *A filla do minotauro,* Marilar Aleixandre. Ed. Xerais

- *A cabeza de medusa,* Marilar Aleixandre. Ed. Xerais
- *Contos de soños e sombras,* Ariza Piñeiro. Urco Editora
- *Identidade,* Nee Barros. Ed. Galaxia.
- *A caixiña dos rancores,* Héctor Cajaraville. Ed. Xerais
- *Todos somos,* Marcos Calveiro. Ed. Xerais
- *Endogamia 0.2,* Ramón Caride. Ed. Xerais
- *Exogamia 0.3,* Ramón Caride. Ed. Xerais
- *O talismán dos druídas, Pepe Carballude. Ed. Everest*
- *Veleno tinto,* Ramón Carredano Cobas. Ed. Xerais.
- *Infamia,* Ledicia Costas. Ed. Xerais.
- *Unha estrela no vento,* Ledicia Costas. Ed. Xerais.
- *O corazón de Xúpiter,* Ledicia Costas. Ed. Xerais
- *O centro do labirinto,* Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais
- *Cartas de inverno,* Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais
- *Tres pasos polo misterio,* A. Fernández Paz. Ed. Xerais
- *Agosto do 36,* Xosé Fernández Ferreiro, Ed. Xerais
- *Sete caveiras,* Elena Gallego. Ed. Xerais
- *Enderezo descoñecido.* Kressmann, Taylor. Ed. Xerais
- *O que sei do silencio,* Andrea Maceiras. Ed. Xerais
- *As cousas claras,* Xosé Neira Cruz. Ed. Xerais
- *Menú de enganos,* Núñez Singala. Ed. Galaxia
- *Instrucións para tomar café,* Núñez Singala. Ed. Galaxia
- *Atranco no banco,* Núñez Singala. Ed. Galaxia
- *Tristes armas,* Marina Mayoral. Ed. Xerais
- *Unha árbore, un adeus.* Marina Mayoral. Galaxia.
- *22 segundos,* Eva Mejuto. Ed. Xerais
- *Memoria do silencio.* Eva Mejuto. Ed. Xerais
- *Pel de lobo, Xosé Miranda. Ed. Xerais*
- *48 horas, Cándido Paniagua Pousa. Ed. Xerais*
- *Os corpos invisibles,* Emma Pedreira. Ed. Xerais
- *Os libros que hai en min.* Emma Pedreira. Ed. Cuarto de inverno
- *O segredo da pedra figueira,* Ed. Xerais. María Xosé Queizán
- *A praia dos afogados,* Domingo Villar. Ed. Xerais
- *Ollos de auga,* Domingo Villar. Ed. Xerais
- *Mookind e Liberty,* Paul Kropp.
- *Relatos de terror.* Lovecraft.
- *Unha bolsa de bólas,* Joseph Joffo.
- *A neta do señor Linh,* Philippe Claudel. Rinoceronte

# 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

## 1. Criterios de Avaliación

Serán os estándares para superar a materia que foron xa recollidos no apartado *Grao mínimo de consecución para superar a materia*. Serán entregados ao alumnado, vinculados aos Programas de Aula, cada trimestre.

## 2. Criterios de Cualificaicón

| INSTRUMENTO | PROCEDEMENTO | PORCENTAXE |
|---|---|---|
| Diario de Aula e Observación Directa | **Traballo na aula** | **30%** |
| Criterios de corrección e Rúbrica ou Táboa de Indicadores | **Traballo e Investigación ou Proxecto** | **20%** |
| Rúbrica ou Táboa de Indicadores | **Lectura autónoma** | **10%** |
| Criterios de corrección | **Proba Escrita** | **40%** |
| Observación Directa | **TAREFAS VOLUNTARIAS** | **Até +3, unha vez acadado o 5** |

# 3. Criterios de Promoción

Ao finalizar o curso, acadados os estándares mínimos avaliables sinalados máis arriba para cada trimestre e acadados os mínimos TIL para promocionar ao curso seguinte, o alumnado obterá unha nota final que será igual ou superior á nota do 3º trimestre e que se obterá da media dos tres trimestres, sempre e cando esta non resulte inferior á da 3ª avaliación.

Dado que se trata dunha materia de contidos progresivos, os progresos de cada trimestre servirán para reforzar e recuperar as insuficiencias de trimestres anteriores. Deste xeito, un aprobado no 3º trimestre suporá a recuperación dos trimestres suspensos anteriormente.

# 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Planificación | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. | | | | | |
| | 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado. | | | | | |
| | 6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 9. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas). | | | | | |
| | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | | |

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) | | | | | |
| | 2. Relaciona os conceptos novos cos xa | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Desenvol-vemento** | coñecidos. | | | | | |
| | 3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | | | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto. | | | | | |
| | 5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula. | | | | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | | | | |
| | 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | | | | |
| | 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,…) | | | | | |
| | | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Seguimento e Avaliación** | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. | | | | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. | | | | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | | | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | | | | |
| | 6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. | | | | | |
| | 7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | diferentes contidos e das competencias clave. | | | | | |
| | 8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| | 9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | | | | |
| | 10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | |
| | 1. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais. | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Motivación do alumnado** | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. | | | | | |
| | 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). | | | | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | | | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | | | | |
| | 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | | | | |
| | 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados. | | | | | |

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriransecos resultados da enquisa para a ***Avaliacióndo Labor Docente***realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual, como **este**.

# 9. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

## 1. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE

En xeral, os contidos que se traballan no ensino obrigatorio mantéñense nun teórico nivel medio, mais a diversidade do alumnado leva aparellada unha diversidade na aprendizaxe. Por iso a flexibilidade e a variación nas actividades de traballo propostas deben permitir manter unha dinámica progresiva co conxunto do alumnado, recoñecendo topes diferentes segundo a súa capacidade.

Para poder adaptar o currículo a cada alumno resulta imprescindíbel a Avaliación Inicial, da que partiremos no inicio de cada curso.

Cando un alumno/a presenta dificultades ou deficiencias no proceso de aprendizaxe resulta fundamental volver a motivalo e a mellor maneira é cambiar a metodoloxía (talvez por iso dan bo resultado os Proxectos de Diversificación Curricular). Agora ben, so o alumno/a precisa reforzo, haberá que centrarse en resolver as dificultades máis frecuentes e en desenvolver as habilidades imprescindíbeis para un correcto aproveitamento dos contidos do curso no que se atopa o alumno/a. Por isto, independentemente do curso no que se atope o alumno/a, as actividades de reforzo deberán encamiñarse a acadar os seguintes obxectivos, se ben en distintos graos segundo o curso de referencia do alumno, obxectivos que non son máis que o desenvolvemento das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir *comprensivamente*) coas que o ensino obrigatorio debe fornecer ao alumno/a para preparalo para a vida:

- Aprender a comunicarse. (Saber conversar, saber traballar en grupo; saber tomar decisións, saber relacionarse co outro sexo, saber resolver conflitos dialogadamente...)
- Aprender a expresarse oralmente con corrección, fluídez e normalidade. (Saber autocorrixirse, saber expoñer, saber argumentar, saber contar...)
- Aprender a atender para mellorar a aprendizaxe. (Saber escoitar comprensivamente, saber relacionar informacións distintas, saber localizar datos, ...)
- Aprender a comprender o que se le. (Saber ler comprensivamente a través da relectura, saber consolidar o que se leu a través da lectura recorrente, saber parafrasear un texto, saber comentar un texto...)
- Aprender a escribir adecuadamente. (Saber autocorrixirse; saber resumir, esquematizar e redactar; saber aplicar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.)

Perseguindo eses obxectivos, cada curso entregaremos as **Actividades de Reforzo** que o Departamento se encargará de elaborar para aqueles alumnos/as que precisan reforzar contidos do curso ou cursos anteriores e/ou que teñen a materia pendente. Unha vez realizadas, se tivo dificultade con algunha das actividades propostas, o alumno/a reunirase co profesor/a na súa hora de atención a alumnos/as, para que poida axudalo a comprender esas actividades.

Cando un alumno/a coa materia pendente, realice satisfactoriamente as actividades sinaladas polo profesor/a, este poderá considerar a avaliación positiva na materia pendente, sen necesidade de realizar un exame.

Se o alumno/a aproveita satisfactoriamente as aprendizaxes do curso no que está matriculado, non precisará examinarse da materia pendente, xa que o

profesor/a poderá considerar a súa avaliación positiva nesa materia mediante o traballo realizado no presente curso académico.

Finalmente, o alumno/a coa materia pendente de cursos anteriores, terá dereito, tal e como sinala o Decreto 1318/2004, a realizar unha proba escrita.

## 2. CONTIDOS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

Para poder superar a materia pendente do curso anterior, teranse en conta os os contidos do curso do que proceda o alumno/a, contidos que nesta programación se recollen para cada un dos cursos e que, no caso de 1º e 2º de ESO, serán os propostos polo equipo TIL.

### GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º ESO e 2º ESO

1. Comprender textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.

2. Producir textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.

3. Participar activamente en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico.

4. Detectar o tema e o subtema en distintos tipos de texto. Subliñar as ideas principais.

5. Ler en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.

6. Planificar, revisar e presentar adecuadamente textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.

7. Recoñecer as categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios). Respectar as normas ortográficas. Adquirir de novo vocabulario.

8. Comprender e respectar a realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.

9. Usar as TIC para obter información.
10. Usar as estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe

**(serán os mesmos en 1º e 2º, pero cun nivel de exixencia maior en 2ºESO)**

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUNCIÓN PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 3º ESO

### a) Comunicación

Poñer en práctica:

- As intervencións orais espontáneas e planificadas.
- A comprensión de textos audiovisuais e o seguimento das indicacións e de textos orais.
- A lectura comprensiva.
- A análise, interpretación e comentario de textos.
- A elaboración de textos argumentativos e artigos de opinión.

### b) Funcionamento da Lingua

Reflexionar arredor do funcionamento nos textos dos seguintes aspectos, elementos e unidades e respectalos e levalos á prácticas nas producións textuais orais e escritas:

- A corrección ortográfica
- A riqueza léxica
- As propiedades textuais
- A tipoloxía textual ( textos descritivo, expositivo, narrativo, argumentativo, instrutivo, dialogado... )

- As clases de palabras (substantivo, adxectivo, artigo, pronomes persoais, demostrativos, posesivos, cuantificadores e identificadores, verbo, perífrases, conectores, adverbio e locucións adverbiais.

### c) Lingua e sociedade

Investigar e expor conclusións arredor dos seguintes aspectos:

- A diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. Multilingüismo e plurilingüismo.
- A formación da lingua galega: substrato, estrato e superestrato. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
- A lingua galega na Idade Media, nos SSEE e no Rexurdimento. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva.

### d) Educación Literaria

- Comentar textos arredor da literatura medieval: as cantigas.
- Comentar textos arredor da literatura do Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal.

## 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder superar a materia pendente do curso anterior, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que ao longo do curso.

## 4. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

A) **Cadernos e/ou actividades de reforzo.**

Cada mes o alumno/a realizará as Actividades de Reforzo sinaladas polo docente, que segundo os cursos serán:

- Para o alumnado de 2ºESO que teña a materia de LGL pendente de **1º ESO,** as Actividades de Reforzo serán as actividades do **Caderno do Alumnado** para o **proxecto *A volta ao mundo en 80 linguas*.**

- Para o alumnado de 3ºESO que teña a materia de LGL pendente de **2º ESO,** as Actividades de Reforzo serán as actividades do **Caderno do Alumnado** para o **proxecto *Galicia, o país das marabillas*.**

- Para o alumnado de 4ºESO que teña a materia de LGL pendente de **3º ESO,** as Actividades de Reforzo serán as actividades publicadas na **Aula Virtual** para cada tema, ou ben as propostas pola persoa docente en cada momento.

B) **Probas presenciais**.

Realizarase unha proba escrita, seguindo o calendario que para as probas de pendentes sexa marcado desde a xefatura de estudos. Estas probas avaliarán os contidos antes expostos e o grao de consecución dos obxectivos.

C) **Avaliación progresiva.**

Se un alumno/a, que está a realizar calquera dos cursos de ESO, supera trimestre a trimestre os contidos dese curso, evidentemente, terá superados automaticamente os contidos do curso anterior que tiña pendentes de adquirir.

## 5. SEGUIMENTO DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

(VER CADRO AO FINAL DO DOCUMENTO)

# 10. PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS (BACHARELATO)

(Non corresponde a esta etapa educatvivaniná nosa materia)

# 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. MEDIDAS.

Nesta etapa do proceso educativo, o alumnado debe estar xa familiarizado cos diversos contidos teóricos que aparecerán ao longo das unidades. Mais convén facer unha análise inicial dos coñecementos que posúen, centrándonos sobre todo na comprensión de textos, na ortografia e na expresión, para poder avaliar adecuadamente o grao de desenvolvemento das súas competencias básicas ou clave. É preciso saber de onde partimos para averiguar até onde podemos chegar.

Así, nos primeiros días do cursorealizarase unha Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu "saber facer". O modelo desa avaliación inicial será semellante en todos os cursos, cambiarán só os procedementos de avaliación, é dicir, os documentos gráficos ou audiovisuais sobre os que traballará o alumnado, pois serán elixidos en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a.

## a) Modelo de Avaliación Inicial

Para a avaliación inicial deseñamos unha proba escrita na que se incluíron cuestións relacionadas coa competencia lingüística así como coas restantes competencias clave, agás a científico-matemática. Excluímos desta avaliación inicial os contidos conceptuais, pois entendemos que en xuño, a través das probas ordinarias, ou en setembro, a través das probas extraordinarias, xa deron conta deles e, en consecuencia, inician este novo curso cos contidos

curriculares (mínimos) superedos. A continuación preséntase o modelo de **proba** escrita que se empregou:

**AVALIACIÓN INICIAL. CCL - GALEGO**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **1.1. ALUMNO/A** | | **1.2. NIVEL e GRUPO** | 4ºESO- |
| **1.3. DOCENTE** | | **1.4. MATERIA** | LGL |

*Antes de comezar a proba, deberás atender as indicacións da persoa docente. O seguimento das mesmas será avaliado desntro da destreza de comprensión oral.*

**COMPRENSIÓN ORAL**

Escoita atentamente este texto, a partir do cal deberás responder as preguntas que se enumeran a continuación. https://youtu.be/dlREF_BUh6k

1. Arredor da canción:
   a. Que é un romance ?

   b. Por que se titula "Romance da bela rosa"?

2. Arredor da historia que conta a canción:
   a. Onde estaba a flor?
   b. Como medrou a rosa?

   c. Por que a flor molestou á xente?

   d. Por que as "flores de alleas terras" aplaudiron contentas cando o amo recortou a bela rosa?

   e. Como sobrevive a rosa unha vez que o amo a cortou?

   f. Por que o dono da rosa acaba chorando axeonllado ante a flor?

3. Que significan as seguintes expresións?
    a. “con máis poder que razón”

    b. “se a raíz é rexa, a planta non morre”

4. Cal é o tema da canción?

5. Esta canción atópase nun disco de Sés que leva por título “Opoñerse á extinción”. Que relación ten ese título co Romance da Bela Rosa?

## EXPRESIÓN ESCRITA

OPCIÓN A. A canción anterior empeza dicindo **“Unha vez houbo unha flor…”**. Converte a canción nun **relato**.

OPCIÓN B. No texto de María Reimóndez , ***O Simca mil***, indícase que “Nun mundo ideal, ocorrería da man de docentes que, nun entorno de coidado e empatía nos axudasen a pensar”. Elabora un **texto expositivo** que leve por título ***O labor docente***.

OPCIÓN C. No texto de María Reimóndez , ***O Simca mil***, fálase da iniciativa dos rapaces de levar saia ao instituto. Elabora un **texto argumentativo** no que expreses a túa postura ao respecto.

## COMPRENSIÓN ESCRITA

Le comprensivamente o seguinte texto, a partir do cal deberás responder as preguntas que se enumeran a continuación.

# 2.O Simca mil

**María Reimóndez**

**Nós Diario** | 11 de novembro de 2020

---

Cando estaba en oitavo de EXB no colexio Mato Vizoso de Vilalba marchamos de excursión por Andalucía. Naquelas longas viaxes de autobús apareceu un conflito: o director do colexio negábase a que puxésemos a canción aquela de "Que difícil es hacer el amor en un Simca 1000". Así que montamos unha delegación para defender o noso dereito a escoitar esa ou calquera outra canción e alá me tocou ir enfrontarme ao director. Sinceramente, non lembro o resultado da disputa, só que o momento quedou rexistrado nunha foto do director e mais eu rindo, a pesar da fenda que nos separaba.

Estes días, mentres que en moitos outros centros de ensino as direccións e profesorado acollían de bo grao a iniciativa dos rapaces de levar saia ao instituto para amosar que a roupa non ten xénero, tamén en Tui algúns tiveron que ir falar co director. Semella que as cousas non cambian só porque o tempo pase. De feito, estou convencida de que as cousas só cambian se as facemos cambiar. Nese camiño, a oposición é unha aprendizaxe.

A diferenza do meu tempo, agora unha cuestión deste tipo saia nos medios de comunicación. Mais hai moitas outras oposicións, sobre todo as que levan a cabo as rapazas e **disidentes sexuais e de xénero** (non perdamos ollo desta cuestión, que logo parece que nada importa a menos que afecte ou a representen homes e mozos **cishetero**) que son actos cheos de coraxe e de ruptura de todos os esquemas. Dende quen se nega a aceptar imposicións ata quen a apoia.

É nese día a día onde aprender a exercer a oposición e a reafirmar os nosos dereitos fronte aos privilexios doutros se converte unha lección fundamental. Nun mundo ideal, ocorrería da man de docentes que, nun entorno de coidado e empatía nos axudasen a pensar. No mundo menos ideal no que vivimos, a miúdo acontece no salvaxe do insulto, o **acoso** ou a presión do poder adulto. Mais igual que eu non esquecín o debate co director do colexio por unha canción que nin me gustaba, estou certa de que cando nos apoiamos estas son as leccións de vida máis importantes. É un traballo que, se se orienta ben, axuda a **empatizar** e a esixir responsabilidades a quen as ten, que neste caso somos todas e todos nós, as adultas que construímos un mundo onde a complexa intersección da roupa e dos corpos parece seguir sendo un problema no canto de un espazo de liberdade e de afectos. Algo moito máis difícil de conseguir que, imaxino, "facer o amor nun Simca mil".

- **María Reimóndez** http://www.mariareimondez.com/index.php
- **Los Inhumanos** https://www.losinhumanos.com/

---

1. Explica a que tipo de texto pertence " O Simca mil" de María Reimóndez.

2. Por que se titula “O Simca mil”?

3. Explica coas túas palabra o significado que teñen no texto os enunciados subliñados e os termos en negriña:
   a. “disidentes sexuais e de xénero”
   b. “a oposición é unha aprendizaxe”
   c. “reafirmar os nosos dereitos fronte aos privilexios doutros”
   d. cishetero
   e. acoso
   f. empatizar

4. Cal é a postura da autora ante a iniciativa dos rapaces de levar saia ao instituto?

**EXPRESIÓN ORAL**

Prepara unha intervención oral planificada na que, durante 5 minutos, realices a túa AUTOPRESENTACIÓN. Podes axudarte co que queiras (obxecto-s, música, imaxes, presentación informática...)

# b) Medidas individuais ou colectivas que se poidan

## adoptar como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave. Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización desta Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas..
2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.
3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo,

buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.

4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

5. Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos de investigación programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.

6. Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertindo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación. Estas tarefas deberán incidir na comprensión e produción de todo tipo de textos.

7. Adecuación dos Criterios de Cualificación á situación do alumnado con medidas de reforzo, tendo en conta nun 20% do cómputo global da materia o labor proposto e realizado fóra da aula como medida de reforzo para mellorar o rendemento da súa aprendizaxe.

8. Centrar o proceso de aprendizaxe deste alumnado nas súas fortalezas, integrando os contidos mínimos para acadar unha avaliación positiva no desenvolvemento das competencias que mellor teña adquiridas o alumno/a.

9. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

10. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

**As Tarefas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, se for o caso, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.**

# 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender ádiversisdade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final. O importante é o que percorra cada un, non que todos/as cheguen ao mesmo destino. Non debemos esquecer que as persoas non actuamos, sentimos, nin pensamos da mesma forma. E, por suposto, non temos todas as mesmas capacidades.

Finalmente, non debemos esquecer que a atención á diversidade non reside unicamente en programas concretos, senón que está tamén na base de determinados tipos de actividades, como son os **Traballos de investigación**, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais. Igualmente os **Comentarios** de distintos tipos de textos permite formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a. Por último, a Listaxe de **Lecturas Voluntarias** tamén está ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.

# 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en

valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e que, facultativamente, poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corrixirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.

- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.

- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, desfruten dos mesmos dereitos

- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.

- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.

- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminaros compoñentes sexistas no uso da lingua

- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais

- Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada

- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais.

Segundo o dito anteriormente, sinalamos a continuación as actividades da nosa programación que servirán para abordar os distintos temas transversais na ESO, así como os obxectivos que perseguimos con elas.

| TEMAS TRANSVERSAIS | ACTIVIDADES | OBXECTIVOS |
|---|---|---|
| **Educación para erradicar a violencia** | Deseño e realización dunha tarefa arredor do **25N** e do **8M** | Procurar a igualdade real entre homes e mulleres |

| | | |
|---|---|---|
| **machista e para o uso non sexista da lingua** | Comentario de ***Tecín soia a miña tea*** de Rosalía de Castro. | Detectar os micromachismos para poder loitar contra eles<br><br>Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos. |
| **Educación para a igualdade e a paz.** | 1. Lectura de ***O sangue dos Cortiña*** de Miguel Anxo Fernández.<br><br>2. Proxección e debate en torno ao filme ***Capitáns de Abril***. | Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística,provocan conflitos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica. |
| **Educación na sexualidade e na saúde** | 1. Lectura de ***Sobrevives?*** de Fina Casalderrei.<br><br>2. Proxección e debate en torno ao filme ***Sempre Xonxa.*** | Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais. |
| **Educación ambiental** | 1. Lectura de ***As flores radiactivas.***<br><br>2. Lectura de ***Ameaza na Antártida*** de Ramón Caride.<br><br>3. Proxección do filme ***O bosque animado.*** | Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente. |
| **Educación viaria** | Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas. | Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais. |
| **Educación multicultural** | Proxeccións e debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo (Pilot). | Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto. |

# 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

# a. Actividades Complementarias

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. No primeiro ciclo de ESO céntranse na Historia, na Cultura e na Literatura. No segundo ciclo de ESO céntranse por riba de todo na Lingua, na súa dinamización e normalización.

Ademais unha porcentaxe moi elevada do alumnado do centro (procedente de todos os cursos e niveis académicos) participa moi activamente nas actividades do Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (EDNLG), das que se nutre o noso Departamento Didáctico. Este labor pode ollarse a través da revista e do blogue do EDNLG do IES FélixMuriel:

- Bico da Ría
- O castelo da lúa
- Rianxo fala

Cada curso, este Departamento xunto co EDNLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as seguintes actividades complementarias (recollidas na páxina web Marlou):

- Lectura de textos de temática acaída co Samaín
- Día da Ciencia en Galego
- Actividade 25N
- Semana Castelao
- Dia de Rosalía
- Día da lingua nai
- Días de Entroido
- Actividade 8M
- Día da poesía
- Día do Libro

- Actividade 25Abril
- Recitado, dramatización ou narración de textos do autor/a a quen se lle adique o día das Letras Galegas.
- *Libro Forum,* para 1º e 2º ESO
- *Literalúdica,* para 3º - 4º ESO e 1º Bcharelato

## b. Actividades Extraescolares

Cada curso, o noso Departamento colabora cos outros Departamentos do centro na realización de saídas didácticas. Cabe destacar tres actividades neste sentido:

- En colaboración co Departamento de Física e Química, coa fin de dinamizar o *Día da Ciencia en Galego*, realízase unha saída a Ourense para visitar a *Galiciencia* ao paso que aproveitamos para realizar o *Roteiro de A esmorga*. Esta saída lévase a cabo no 1º trimestre, destinada a 4ºESO e 1ºBach.
- No mes de Xaneiro, en colaboración co ENDLG, no marco da *Semana Castelao*, desenvólvese unha saída didáctica a Pontevedra para realizar o *Roteiro Castelao*.
- En colaboración co EDNLG, coa fin de aproximar o alumnado ao mundo do teatro en galego, realízase unha saída a Compostela para asistir a unha representación do Centro Dramático Galego. Esta saída lévase a cabo no 2º ou 3º trimestre e está destinada ao 3º - 4º ESO e 1º - 2º Bacharelato.
- Na fin de curso, o alumnado que cursou como Segunda Lingua Estranxeira Portugués, participa nunha saída didáctica a Portugal.
- Finalmente, o Departamento colabora co EDNLG no Intercambio que se realiza cada ano entre o noso alumnado e o doutro centro de Galiza. Esta actividade lévase a cabo arredor da Semana Santa e está destinada a todo o alumnado do centro vinculado ao Equipo de Normalización Lingüística.

# 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN

# DA PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptíbel de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) **A avaliación da programación en si**, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das **reunións semanais de departamento**, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) **A avaliación da interactuación do alumnado coa programación.** Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e trans-formala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsa-bilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración das **Memorias Trimestrais**, así como da **Memoria Final** servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

# **FINAL.-**INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO, CARGOS, DISTRIBUCIÓN DE CURSOS E CONFORMIDADE CON ESTA PROGRAMACIÓN.

| DOCENTE | MATERIA-S | NIVEL | Nº GRUPOS | TOTAL HORAS |
|---|---|---|---|---|
| Paz Plaza | LGL | 2ºESO | 2 | 6h |
| | Ámbito Lingüístico e social | 1ºESO | 1 | 10h |
| | LP | 1ºESO | 1 | 3h |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | 19h |
| Sofia Rama | LGL | 2ºBACH | 1 | 3h |
| | Ámbito Lingüístico e social | 4ºESO | 1 | 9h |
| | Liberación sindical | | | 5h |
| | XD | | | 2h |
| | Coordinación Grupo Traballo TIL | | | 1h |
| | | | | 20h |
| Amparo Cereixo | LGL | 2ºBACH | 1 | 3h |
| | LP | 2ºBACH | 1 | 3h |
| | XE | | | 14H |
| | | | | 20h |
| Pilar Ponte | LGL | 3ºESO | 4 | 12h |
| | Coordinación ENDLG | | | 6h |
| | | | | 18h |
| María Rodríguez | LGL | 1ºBACH | 3 | 9h |
| | LGL | 4ºESO | 3 | 9h |
| | | | | 18h |
| María Arca | LP | 2ºESO | 1 | 2h |
| | LP | 3ºESO | 1 | 3h |
| | LP | 4ºESO | 1 | 3h |
| | LP | 1ºBACH | 1 | 4h |
| | LGL | 2ºESO | 2 | 6h |
| | | | | 18h |
| **TOTAL HORAS DEPARTAMENTO** | | | | **111h** |

As docentes de LGL reunidas en sesión ordinaria o martes 20 de Setembro de 2022, asinan as Programacións Didácticas do Departamento de LGL para o curso 2022-23, do que dan fe as actas recollidas para a ocasión.

Asdo.: Sofia Rama,

xefa do Departamento

En Rianxo, 20 de Setembro de 2022



# ANEXO TIL

# Programación Didáctica 3º e 4º ESO

## 1. O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

### 1.1. Cambios metodolóxicos

- *Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable **que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado**.*

- ***Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa**, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartir o currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán:*
    - *acordos sobre **criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas,*
    - *acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar,*
    - *acordos sobre  o tratamento que se lles dará aos **contidos**,*
    - *acordos sobre os **criterios de avaliación** e aos **estándares de aprendizaxe** similares en cada materia lingüística,*
    - *acordos **para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua**.*

- ***Os métodos docentes deberán favorecer a motivación** por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles **curiosidade** e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. Recoméndase:*
    - ***A aprendizaxe por proxectos** (proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). Esta metodoloxía favorece a investigación, a reflexión e a crítica.*
    - ***O uso do portfolio** (carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.*

- *O profesorado debe procurar:*
    - ***que o alumnado comprenda o que aprende***
    - ***que o alumnado saiba para que aprende***

- ***que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.***

### 1.2. Cambios nos recursos didácticos:

- O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun **Libro de Apoio** para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.
- A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias clave trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: ***Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.***

# 2. ACORDOS ACADADOS NO IES FÉLIX MURIEL

## 2.1. Acordos metodolóxicos

Pretendemos reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Neste sentido guíannos sobre todo tres consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- ✓ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ✓ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ✓ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✓ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✓ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ✓ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- ✓ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até os resultados.
- ✓ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✓ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- ✓ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

**MATERIAIS**

O alumnado deberá asistir a clase cos seguintes recursos materiais sempre

á súa disposición:

- **Carpeta de linguas** (unha carpeta para todas as materias lingüísticas: LGL, LCL, LE (inglés, francés ou portugués) e LC (latín e/ou grego)
- **Caderno TIL de Comunicación**
- **Folios en branco (**entregaráselles un folio "patrón")
- **Bolígrafo** (un azul ou negro e un vermello)
- **Correo electrónico** (con autorización da nai, pai ou persoa titora)

# 2. 2. Acordos terminolóxicos

### En Morfoloxía

1. Empregaremos a denominación "clases de palabras" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º e Bacharelato.

2. As clases de palabras:
   I. Substantivo
   II. Adxectivo ( a secas, sen engadir "cualificativo"),
   III. Verbo.
      I. Os tempos verbais :
         I. simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto , futuro, condicional
         I. compostos: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.
         I. non persoais: infinitivo, xerundio e participio.
         I. voces: activa, pasiva (voz media só en bacharelato)
   - Adverbio ( adverbio relativo empregarase a partir de 4º ESO)
   - Preposición
   - Conxunción
   - Interxección
   - Pronome: O que está en lugar do nome. Tipos: Persoal

- Demostrativo
- Posesivo
- Numeral (cardinal, ordinal)
- Indefinidos
- Interrogativos
- Exclamativos
- Relativos

3. A segmentación en morfemas:

- Morfema: Parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico ou gramatical
- Clasificación: Prefixo + raíz + interfixo+ sufixo (derivativo, alterativo e flexivo).

**En Sintaxe (LGL e LCL)**

I. En 1º-2º-3º ESO utilizaremos a terminoloxía propia da Gramática Funcional. Pero no resto dos cursos manteremos a terminoloxía da Gramática Tradicional até que o TIL se vaia incorporando en cada curso progresivamente (en 2016-17 incorporouse en 1ºESO, en 2017-18 incorporouse en 2ºESO, en 2018-19 incorporouse en 3ºESO, en 2019-20 incorporarase en 4ºESO, en 2020-21 incorporarase en Bacharelato)

II. Eliminamos dos mínimos os Estándares Avaliables referidos á Análise Sintáctica. (1º e 2º ESO)

III. O punto de partida en 1º ESO xirará arredor dos problemas de concordancia e das oracións inacabadas, sempre procurando o respecto polas propiedades textuais e buscando a reflexión metalingüística a partir do uso lingüístico.

Iç. En 1º e 2º ESO empregamos frase (se non ten verbo) e oración (se ten verbo).

## 2.3. Acordos sobre os Contidos

Nas linguas, en toda a etapa da ESO, centrarémonos nos cinco ámbitos propostos por **Oriol Guash**:

1. O desenvolvemento de habilidades de comprensión e expresión, oral e escrita
2. O coñecemento das situacións discursivas e os xéneros de texto
3. A interdependencia entre o uso lingüístico e a reflexión metalingüística
4. O coñecemento da diversidade lingüística
5. As actitudes lingüísticas [deben ser positivas deica a variedade]

Ademais, en 3ºESO e en 4ºESO abordaremos as etapas que correspondan da Literatura (LGL e LCL), se ben ese labor realizarase a través do traballo con textos literarios.

## 2.4. Acordos sobre os Instrumentos de Avaliación

Servirémonos de diversos procedementos e instrumentos de avaliación, elaborados polo grupo TIL:

| | |
|---|---|
| Observación directa do labor do alumnado | Libreta ou Diario de Aula |
| Producións escritas do alumnado | Rúbricas e/ou Criterios de Corrección |
| Producións orais do alumnado | Rúbricas |
| Probas escritas | Rúbricas e/ou Criterios de Corrección |
| Probas de comprensión e/ou expresión oral | Rúbricas e/ou Criterios de Corrección |
| Proxectos de Investigación | Rúbricas |

Procuraremos **avaliar por competencias**, pois calquera actividade, tarefa ou traballo proposto baixo o enfoque comunicativo implica:

- Aprender a aprender, pois é preciso que o alumnado siga as indicacións dadas para a realización da tarefa e avalíe o labor realizado ao longo da mesma. **(CAA)**

- Escoita activa para asegurar a comprensión e a produción textual solicitada, ben oralmente ben por escrito. **(CCL)**

- Socialización, respecto pol@ compañeir@ e colaboración para que o grupo de traballo obteña un bo resultado que redunde nunha boa nota para cada individuo do grupo. **(CSC)**

- Respecto por todas as linguas que se deben utilizar no desenvolvemento da tarefa, o que leva ao respecto polos seus falantes e polas culturas que representan esas linguas. **(CCEC)**

- Autonomía e iniciativa persoal para desenvolver o traballo sen depender constantemente das indicacións da persoa docente e para corrixir os erros ou solucionar problemas que poidan xurdir ao longo do proceso**.(CSIEE)**

- Comprensión de gráficas, mapas e porcentaxes para utilizar certas fontes documentais ou para a autoavaliación (poñer unha nota) o traballo realizado. **(CMCCT)**

- Manexo das novas tecnoloxías para buscar información, para comunicarse c@s compañeir@s, para enviar as tarefas adecuadamente, para presentar o resultado final do seu traballo... **(CD)**

**OBSERVACIÓN:** As **Rúbricas** e as **Avaliacións Iniciais por Competencias para 1º e 2º ESO**, poden descargarse da **Aula Virtual TIL**. Alí atópanse a disposición do profesorado todos os documentos xerados desde o grupo de traballo e que forman parte deste Caderno, dos Anexos para as Programacións e do **Caderno TIL de Comunicación (alumnado).**

## 2.5. Acordos sobre as recuperacións

1. Consideramos unha organización dos dous niveis educativos en tres ciclos de dous cursos cada un. Polo que as consideracións para 1º-2ºESO, 3º-4ºESO

e 1º-2ºBach serán distintas.

2. Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Pola contra, en Bacharelato, aínda que estean presentes eses dous aspectos, as probas externas de ABAU condicionan a docencia.

**Para 3º e 4º ESO** consideramos:

a. Que, desde a avaliación inicial ata a avaliación final, debemos valorar o percorrido académico do alumnado, atendendo á súa diversidade; polo que debemos realizar unha avaliación individualizada que permita observar en que aspectos o alumno/a precisa mellorar para acadar os obxectivos do curso; en consecuencia, no final de curso, adaptaremos os instrumentos de avaliación ás necesidades do alumno/a, servíndonos daqueles nos que o alumno/a previamente non obtivera un resultado satisfactorio.

b. Que, desde o respecto ao proceso de avaliación continua, non podemos diferenciar as avaliación con porcentaxes distintas para cada unha, pois acadar os obxectivos na 3ª avaliación, implica acadar os obxectivos do curso.

c. Que non é pertinente ningunha referencia ao concepto de “recuperación”.

## 2.6. Acordos arredor das lecturas

| | NIVEL | TIPO DE LECTURA | OBXEC- | INSTRUMENTO |
|---|---|---|---|---|

<table>
<tr><th colspan="2">LECTURAS</th><th>EDUCATIVO</th><th>(froita ou gominola)</th><th>TIVOS</th><th>DE AVALIACIÓN</th></tr>
<tr><td colspan="2">Textos de distintos tipos: expositivos, argumentativos, narrativos, descritivos... cartas, reclamacións...</td><td>Todos os niveis educativos</td><td>Froita</td><td>Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita</td><td rowspan="3">• Produción textual<br>• Rúbricas</td></tr>
<tr><td colspan="2">Textos xornalísticos</td><td>Todos os niveis educativos</td><td>Froita</td><td>Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita</td></tr>
<tr><td colspan="2">Textos literarios: poemas e relatos</td><td>Todos os niveis educativos</td><td>Froita</td><td>Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Lecturas obrigatorias</td><td>Lectura na aula</td><td>1º-2ºESO</td><td>Froita</td><td>Aprender a Ler comprensiva e expresivamente</td><td rowspan="2">• Proba escrita<br>• Proba oral</td></tr>
<tr><td>Lectura fóra da aula</td><td>A partir de 3ºESO</td><td>Froita</td><td>Fomentar a lectura dos clásicos e Crear hábito lector</td></tr>
<tr><td colspan="2">Lecturas voluntarias: novelas, libros de poemas, cómics...</td><td>Todos os niveis educativos</td><td>Gominola ou escollen @s alumn@s</td><td>Crear hábito lector</td><td>• Charla informal fóra da aula<br>• Convencer a un compañeir@ que lea a obra<br>• Produto artístico</td></tr>
</table>

**OBSERVACIÓNS:**

- Nas materias de LGL , LCL e Inglés a metodoloxía é moi semellante á hora de abordar as lecturas.

- Na materia de Francés non haberá lecturas fóra da aula.
- As **lecturas "froita"** son aquelas que consideramos necesarias abordar na aula como docentes de Literatura, para abrirlles as portas dos clásicos ao noso alumnado.
- As **lecturas "gominola"** están ao servizo do fomento de hábitos lectores, con elas pretendemos que o noso alumnado se entreteña e non fuxa dos libros.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL

# 4ºESO

# 2022-23

## (Anexo ás programacións didácticas de LGL, LCL e XeH)

**MATERIA: ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL**

**DOCENTES: SOFIA RAMA e SONIA ORTIGUEIRA**

## POR QUE UN ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL PARA 4ºESO?

Tendo en conta que o curso de 4º ESO é un curso que supón o final dunha etapa educativa e a preparación para unha nova ensinanza, sexa de formación profesional ou universitaria, cómpre neste curso acadar os obxectivos da ESO, tanto os referidos aos contidos como ao desenvolvemento das competencias clave. Ademais, tendo en conta que este é un grupo que cursa Matemáticas Aplicadas, no que se mestura alumnado con diversos intereses e diferentes necesidades educativas, é precisa unha atención á diversidade maior que nun grupo de orientación exclusivamente académica.

Podemos dicir que o alumnado deste grupo de 4ºESO organízase en tres grandes subgrupos: alumnado desmotivado ("desenganchado" do sistema educativo, carente de hábitos de estudo e/ou que repite), alumnado con dificultades (que precisa de reforzo e/ou que repite) e alumnado ordinario (interesado en acceder a un ciclo formativo ou en continuar a súa formación en bacharelato).

Resulta evidente que todo isto condicionará o proceso de ensino-aprendizaxe e, moi especialmente, a metodoloxía, que requirirá uns instrumentos de avaliación e uns criterios de cualificación diferentes ao resto dos grupos do mesmo nivel académico. De aí que propuxeramos, desde hai xa dous cursos, a creación dun Ámbito de estudo para as materias de LGL, LCL e Historia. A nosa proposta non pretendía simplemente que unha mesma persoa docente impartise a docencia das tres materias, senón que as tres fosen abordadas de xeito global, desenvolvendo o tratamento integrado de linguas e contidos (TILC); continuando a metodoloxía desenvolvida a través do proxecto TIL, *Xoves Xornalistas*, no curso 2019-20 en 3ºESO-C e D, e no Ámbito de 4ºESO-B no pasado curso 2020-21. Ademais este curso, como xa fixeramos antes da pandemia, imos volver á codocencia.

A organización do currículo por ámbitos de coñecemento combina a aprendizaxe competencial e significativa do traballo globalizado co respecto

polos contidos das diferentes materias. Traballar de maneira interdisciplinaria e globalizada favorece a aprendizaxe competencial do alumnado. Tamén permite atender mellor á diversidade do alumnado segundo as súas necesidades individuais.

A organización en ámbitos, **globalizada** e **interdisciplinaria** , supón cambios no proceso de ensino:

- Cambios na organización de espazos, horarios e grupos de alumnos e alumnas.
    - As horas do Ámbito deberán distribuírse en sesión de 2 ou 3 horas.
- Cambios na coordinación do profesorado, na xestión da aula, na metodoloxía e no uso das linguas vehiculares.
    - Desenvolvemento da **codocencia**:
        - Facilita a transición de EP a ESO
        - Favorece as metodoloxías activas
        - Favorece a atención individualizada
        - Favorece a convivencia, o diálogo, a xestión das emocións e a integración do alumno/a no grupo
        - Facilita o traballo colaborativo
        - Potencia o desenvolvemento das CCCC
        - Fomenta o desenvolvemento da creatividade
        - Enriquece persoalmente as persoas docentes
- Cambios nas programacións didácticas, que deberán incluír:
    - aspectos metodolóxicos e de organización
        - priorizar o **traballo colaborativo**
        - reforzar e dinamizar o traballo autónomo do alumnado
    - recursos para contornas virtuais de aprendizaxe (**EVA***)
- **TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS E CONTIDOS (TILC)**
    - Trátase dun enfoque metodolóxico que favorece a aprendizaxe de contidos de ANL ao mesmo tempo que a aprendizaxe de contidos de AL. A mellor maneira de aprender linguas é estar exposto

a elas. Precisa de tempo para usalas, por oral e por escrito, e da motivación do alumnado. Por isto, son necesarias **tarefas de comunicación en situacións reais de aprendizaxe**, isto posibilítano as ANL.

- A metodoloxía da **aprendizaxe por pasos** favorece a aprendizaxe especialmente atendendo á diversidade:
    - Porque parte de coñecementos previos do alumnado
    - Porque se define claramente desde o principio o obxectivo
    - Pola simplificación dos contidos
    - Porque se propón unha "tarefa modelo"
    - Polo uso de diversos recursos e soportes
- Nas ANL, ademais do ensino dos contidos da área, é preciso o desenvolvemento da CCL dunha maneira integrada:
    - Para aprender mellor unha lingua sen argumentar o horario
    - Porque a linguaxe académica apréndese e úsase mellor nas ANL que nas AL
    - Porque os contidos das ANL apréndense mellor se mellora a CCL

| OBXECTIVOS | |
|---|---|
| *15.* | *Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.* |
| *16.* | *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...* |
| *17.* | *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.* |
| *18.* | *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.* |
| *19.* | *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.* |
| *20.* | *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en matérias...* |
| *21.* | *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.* |

| | |
|---|---|
| *22.* | *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da Literatura.* |
| *23.* | *Comprender e expresarse nunha ou en máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.* |
| *24.* | *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.* |
| *25.* | *Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.* |
| *26.* | *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, co consumo, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.* |
| *27.* | *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.* |
| *28.* | *Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con* |

*outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

## CONTIDOS

1. ***Comunicación oral.*** *Comprensión, interpretación, análise e produción de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). Desenvolvemento de habilidades de escoita activa e de escoita crítica e reflexiva que permita identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias. Coñecemento e uso progresivamente autónomo de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social, en diferentes rexistros.*

2. ***Comunicación escrita. L****ectura comprensiva e crítica de textos da vida cotiá, do ámbito educativo, de textos xornalísticos, de mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios e de usos lingüísticos discriminatorias. Uso autónomo das TIC para obter información complementaria. Produción de textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá, de cartas á dirección e columnas de opinión, de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.*

3. ***Funcionamento da lingua. E****xplicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. A fonética e a fonoloxía, con especial atención a posibles interferencias do castelán no galego (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación). Aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas. As estruturas sintácticas e tipos de oración.*

4. ***Educación literaria. P****eríodos e xeracións da literatura galega e española*

*contemporáneas. Lectura e comentario de obras representativas. Elaboración de traballos de textos literarios. Creación ou recreación de textos de intención literaria.*

5. ***Lingua e sociedade**. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. Situación sociolingüística de Galicia. Proceso de normalización. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. Prexuízos lingüísticos. As variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas das linguas e a función da lingua estándar.*

6. ***Historia.** Do Antigo Réxime á actualidade. Do absolutismo ao parlamentarismo. A Ilustración. A revolución científica. As revolucións burguesas. A revolución industrial. O imperialismo. A I Guerra Mundial. A revolución rusa. O período de entreguerras: Fascismo italiano e nazismo alemán. A IIª República española, a guerra civil e a ditadura franquista. A IIª Guerra Mundial. O holocausto. A guerra fía. A construción da UE. A transición española. O capitalismo. A crise do petróleo. O colapso dos réximes soviéticos. O neoliberalismo.*

7. ***Xeografía.** A globalización. Revolución tecnolóxica. Os focos de conflito.*

8. ***Interacción.** Activismo e pensamento crítico. Relación entre pasado, presente e futuro. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, **relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten** estereotipos sexistas, lingüísticos ou culturais.*

9. ***Proxecto. Monte Vivo, biocultura para un centro e unha contorna sustentábeis. Obradoiro audiovisual: Un ollo de vidro.***

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Independentemente do curso no que se atope o alumno/a, as tarefas deberán encamiñarse a acadar os obxectivos da ESO, se ben adaptando a cada nivel os criterios de avaliación e atendendo ao desenvolvemento das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir *comprensivamente*) coas que o ensino obrigatorio debe fornecer ao alumnado para preparalo para a vida.

1. **Comprender, interpretar e analizar criticamente o sentido global de textos orais e escritos,** ser quen de distinguir entre información, opinión e persuasión. Ademais, seguir as instrucións orais ou escritas para realizar as tarefas académicas (seleccionar as ideas principais, xerarquizar esas ideas, elaborar resumos, identificar a estrutura, determinar o tema, servirse de dicionarios en calquera formato, interpretar símbolos, recoñecer a intención comunicativa do emisor, ampliar información en xornais e medios audiovisuais, servirse das TIC...), rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria.

2. **Producir textos orais e escritos de distinto tipo, moi especialmente expositivos, argumentativos, instrutivos, narrativos e descritivos** (seguindo as indicacións dadas e con axuda das TIC, de forma individual ou en grupo, en soporte impreso e dixital) e ser quen de desenvolverse manifestando a opinión propia, adecuando o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial, incorporando unha actitude creativa ante a escritura, respectando a estrutura así como as normas ortográficas e gramaticais, ademais das propiedades textuais.

3. **Recoñecer os erros** da produción propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propor solucións para melloralas.

4. **Respectar as normas de cortesía** (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e ser quen de aplicalas nas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas pero rexeitando os prexuízos e mantendo unha postura crítica ante calquera mensaxe discriminatoria.

5. **Identificar as clases de palabras** e reflexionar sobre o seu funcionamento nun texto determinado; ademais reflexionar arredor do funcionamento dos procedementos de creación de palabras e ser quen de servirse dun léxico amplo para as producións textuais.

6. **Aplicar as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega, española, inglesa, francesa ou portuguesa** e ser quen de servirse delas para as producións textuais.

7. **Participar en proxectos para o desenvolvemento TIL** e ser quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.

8. **Valorar a propia lingua (e as súas variedades xeográficas) como símbolo da identidade do pobo galego e como instrumento para aprender a aprender, integrando a partir da propia outras linguas e contidos.** Analizar a historia da lingua galega e a súa situación actual a través de mapas, gráficas, tiras cómicas e artigos de opinión, usando unha terminoloxía sociolingüística axeitada, argumentando en base á súa propia experiencia a necesidade da normalización lingüística e diferenciándoa da normativización. Servirse da Lexislación en materia lingüística e da Lusofonía como argumentos para derrubar prexuízos. Comparar e contrastar a situación das linguas en España, en Europa e no mundo, desenvolvendo unha actitude acorde coa Ecoloxía das Linguas.

9. **Ler, analizar e comentar textos literarios**, relacionando o contido da obra, a intención do autor/a e o contexto; vinculándoos a outras manifestacións artísticas e aos distintos períodos da Historia da Literatura en galego, español, portugués, francés e inglés.

10. **Crear textos de intención literaria** partindo das características dos traballados na aula, desenvolvendo o gusto pola escrita.

11. **Comprender, esquematizar, resumir, describir, analizar e/ou comentar criticamente, manexando a cronoloxía e empregando un vocabulario preciso**, os

seguintes conceptos, procesos ou situacións da Historia Contemporánea:

a. ***Revolución***
   i. O Antigo Réxime
   ii. A Ilustración
   iii. Os procesos revolucionarios do XVIII e XIX
   iv. A importancia dos avances científicos para a Revolución Industrial
   v. Os logros e fracasos do liberalismo, do socialismo e do nacionalismo
   vi. A historia do movemento obreiro
   vii. A violencia cara os nenos e as mulleres na sociedade industrial.
   viii. A loita polos dereitos da muller
   ix. A monarquía borbónica dos séculos XVIII e XIX
   x. Prerrexurdimento e Rexurdimento galego
b. ***Entre guerras***
   i. O imperialismo e a Gran Guerra
   ii. Consecuencias da I Guerra Mundial
   iii. As revolucións rusas de 1905 e 1917 e a xénese da Unión Soviética.
   iv. O auxe dos fascismos
   v. A Gran Depresión
   vi. O concepto de guerra total e as súas consecuencias
   vii. O Estado español no primeiro terzo do s. XX.
   viii. O nacionalismo galego da Xeración *Nós*
   ix. As causas e as consecuencias da Guerra Civil. Exilio.
   x. A importancia da memoria histórica no Estado español
c. ***Estado do benestar***
   i. A orixe da Guerra Fría e a Formación de bloques
   ii. O proceso da Descolonización e o seu alcance histórico, social, económico e cultural
   iii. As crises económicas no mundo actual
   iv. O proceso de integración europea.
   v. O eurocentrismo
   vi. O proceso de Transición española
   vii. O auxe da extrema dereita

viii. O efecto da Globalización na sociedade actual
ix. Os riscos medioambientais xerados polas sociedades actuais
x. A arte contemporánea

12. **Desenvolver o pensamento crítico a través do activismo. Relacionar pasado, presente e futuro,** participando en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas e se poña en valor a ecoloxía **e nos que se eviten** estereotipos sexistas, lingüísticos ou culturais.

## RECURSOS

- **UNIDADE DIDÁCTICA 1. *Revolución***
  - Secuencias didácticas: *Revolución*, *Revolución francesa*, *Revolución Industrial*, *Liberalismo* e *Socialismo*)
  - Proxecto: *Da Revolución francesa ao 25N*
- **UNIDADE DIDÁCTICA 2. *Entre guerras***
  - Secuencias didácticas: *Igualdade?*, *Fraternidade?*, *Liberdade?*
  - Proxecto: *Camiñando entre mulleres até o 8M* (Historia do movemento obreiro)
- **UNIDADE DIDÁCTICA 3. *Estado do benestar?***
  - Secuencias didácticas: *Globalización*, *Feminismo*, *Ecoloxismo*
  - Proxecto: *Monte vivo* (Obradoiro audiovisual: *Un ollo de vidro*)

- **Caderno TIL Comunicación**
- **Aula Virtual**
- Dicionario RAG
- Dicionario da RAE
- Bloques e áreas dialectais
- Dúbidas lingüísticas
- Gramática galega
- Gramática española
- O galego nos Séculos Escuros
- La Literatura del siglo XIX
- Literatura galega do s.XX e da actualidade
- Cronología de la Literatura española
- Biblioteca Virtual Galega
- Biblioteca Virtual Cervantes
- Profesor de Historia (Idade Moderna)
- Clases de Historia (Idade Contemporánea)
- Historia do mundo contemporáneo
- Aula verde

## LECTURAS GUIADAS NA AULA

| 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| 1. *El árbol rosa*. Emilia Pardo Bazán<br><br>2. *Masculino singular*. Carlos Negro | 1. *Cousas*. Castelao<br><br>2. Antoloxía poética. Antonio Machado. | 1. *Made in Galiza*. Séchu Sende<br><br>2. *Historia de España contada a las niñas* de María Bastarós |

## LECTURAS AUTÓNOMAS

| | |
|---|---|
| 1. A banda sen futuro | Marilar Aleixandre |
| 2. Rúa Carbón | “ |
| 3. Aire negro | Agustín Fdez. Paz |
| 4. Poderosa | Sérgio Klein |
| 5. O único que queda é o amor | Agustín Fdez. Paz |
| 6. Erros e Tánatos | Gonzalo Navaza |
| 7. As rulas de Bakunin. | Antón Riveiro Coelho |
| 8. Que me queres, amor? | Manuel Rivas |
| 9. A man dos paíños | " |
| 10. Ilustrísima. | Carlos Casares. |
| 11. Vento ferido. | “ |
| 12. Arraianos. | Xosé Luis Méndez Ferrín. |
| 13. Retorno a Tagen Ata | “ |
| 14. O fidalgo e outras narracións | Otero Pedrayo |
| 15. Os biosbardos. | Blanco Amor. |
| 16. Os outros feirantes. | Álvaro Cunqueiro |
| 17. Retrincos | Castelao |
| 18. Os vellos non deben namorarse | “ |

19. Réquiem por un campesino español, de Ramón J. Sender

20. Sin noticias de Gurb, de Eduardo Mendoza

21. Historia de una escalera, de Antonio Buero Vallejo

22. Crónica de una muerte anunciada, de Gabriel García Márquez
23. *La autopista del sur y otros relatos, de* **Julio Cortázar**
24. Cuentos, de E. A. Poe
25. La metamorfosis, de Franz Kafka
26. 1984, de George Orwell
27. Siddhartha, de Herman Hesse
28. Seda, de Alexandro Baricco
29. El señor de las moscas, de William Golding
30. El niño con el pijama de rayas, de John Boyne

## METODOLOXÍA

- **Enfoque global,** abordando os contidos de xeito interdisciplinar, para **usar a/s lingua/s como instrumentos de aprendizaxe doutros saberes (Historia, sociedade, arte, literatura...), non como un fin en si mesmas**. Evitando a existencia de muros entre as disciplinas.

- **Enfoque comunicativo,** común ás materias lingüísticas, así como á Historia. Todas as materias precisan que o alumnado saiba comunicarse (aínda que se sirva de rexistros, niveis, léxico ou tecnicismos distintos en cada lingua e en cada materia). **En todas as materias o alumnado precisa facer esquemas, resumir ou elaborar todo tipo de textos por oral e por escrito**.

- **Traballo por proxectos,** pois un proxecto permite integrar todas as disciplinas que se queira e barallar contidos (conceptos), procedementos (habilidades) e actitudes (valores) moi diversos, ademais de integrar a avaliación por competencias e non só dos contidos conceptuais. Isto supón converter o alumnado en protagonista, como suxeito activo da lingua que utiliza na aula e da transformación da información que recibe en coñecemento propio.

- **Avaliación competencial**, pois calquera actividade, tarefa ou traballo proposto baixo o enfoque comunicativo implica:

    - Aprender a aprender, pois é preciso **que o alumnado siga as indicacións** dadas para a realización da tarefa e avalíe o labor realizado ao longo da mesma. (**CAA**)

- **Escoita activa** para asegurar a comprensión e a produción textual solicitada, ben oralmente ben por escrito. (**CCL**)
- **Socialización**, respecto pol@ compañeir@ e colaboración para que o grupo de traballo obteña un bo resultado que redunde nunha boa nota para cada individuo do grupo. (**CSC**)
- **Respecto por todas as linguas** que se deben utilizar no desenvolvemento da tarefa**, o que leva ao respecto polos seus falantes e polas culturas** que representan esas linguas. (**CCEC**)
- **Autonomía e iniciativa persoal** para desenvolver o traballo sen depender constantemente das indicacións da persoa docente e para corrixir os erros ou solucionar problemas que poidan xurdir ao longo do proceso.(**CSIEE**)
- **Comprensión de gráficas, mapas e porcentaxes** para utilizar certas fontes documentais ou para a autoavaliación (poñer unha nota) o traballo realizado. (**CMCCT**)
- **Manexo das novas tecnoloxías** para buscar información, para comunicarse c@s compañeir@s, para enviar as tarefas adecuadamente, para presentar o resultado final do seu traballo... (**CD**)

- **Plurilingüismo inclusivo,** que non estableza chanzos diferentes para cada idioma e que parta do coñecemento e uso das linguas máis próximas ao entorno social do falante (**no corazón dese plurilingüismo está a lingua propia, despois intégrase a lingua ambiental, e, finalmente, as linguas estranxeiras**). Un plurilingüismo que asuma con naturalidade que poden existir falantes con moi diversos niveis de competencia (mesmo parciais) na adquisición dun idioma, **sen obsesión polo purismo lingüístico, e sen prexuízos previos sobre o maior ou menor valor dunha lingua** (ninguén sabe unha lingua á perfección, non é necesario para comunicarse; pero si é necesario derrubar os prexuízos lingüísticos xerados arredor das linguas minorizadas). Un plurilingüismo **que atenda máis á irmandade das familias lingüísticas e menos ao establecemento dunha lingua franca decidida por factores de mercado e supremacía cultural** (o ecolingüismo, o respecto pola diversidade lingüística que leva consigo o respecto pola

diversidade cultural, mellora a convivencia e defende a riqueza lingüística como patrimonio colectivo).

- **Normalización da lingua propia de Galicia,** xerando no alumnado unha conciencia integradora de todas as linguas a partir do galego. Ou o que é o mesmo, pretendemos que entendan que posúen unha competencia plurilingüe e o feito de acceder desde nen@s a dúas linguas (a propia de Galicia e a ambiental) colócaos nunha situación de vantaxe para acceder ás linguas estranxeiras, porque os contidos aprendidos nunha lingua transfírense a calquera outra lingua, sempre que haxa exposición social á mesma e motivación por aprendela.
- **Coñecemento da sociedade desde o Antigo Réxime até a actualidade (Historia do Mundo Contemporáneo),** analizando os fenómenos sociais no contexto en que se producen (o mundo, Europa, España e Galicia), analizando os cambios históricos para comprender a realidade actual e integrando outras disciplinas: economía, socioloxía, ecoloxía e historia da arte.
- **Análise da evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade,** rexeitando a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitando tamén os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Entendemos por avaliación a valoración do grao de dominio dos contidos do ámbito lingüístico, literario e social, asemade das competencias clave indicadas na concreción para cada estándar de aprendizaxe. A observación directa da actitude, o comportamento, o esforzo, a asistencia, a puntualidade, a relación cos outros alumnos e alumnas e o interese amosado pola materia serán instrumentos utilizados para a avaliación de competencias: CAA, CSC, CCEC e CSIEE. Os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación serán os seguintes:

- **Participación na aula, a través de intervencións espontáneas ou planificadas (20%)**, que servirá para avaliar a expresión oral, o nivel de comprensión do exposto e o grao de desenvolvemento da CSIEE, CAA, CCEC e CSC. Serán avaliadas mediante o **Diario de Aula** a través da **Observación Directa** e, no caso de intervencións planificadas, a través de **Rúbricas**.

- **Realización de cuestionarios na Aula de Informática e na Aula Virtual (10%),** que servirán para avaliar a comprensión e o grao de desenvolvemento da CD e CSIEE, así como a aprendizaxe dos contidos de Historia.

- **Produción textual e análise de textos xornalísticos, históricos e literarios (orais e escritos) (40%),** que servirán para avaliar a comprensión e a expresión escrita, así como o grao de desenvolvemento de CAA, CSIEE e CD. Suporán o desenvolvemento do pensamento crítico e a construción da opinión propia ou o resultado dun **Traballo de Investigación.** Serán avaliadas a través dos **Criterios de Corrección** e, no caso de exposicións orais, a través de **Rúbricas**.

- **Proba escrita (20%)** que se realizará ao final de cada trimestre; para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita) e da competencia literaria, así como da competencia cultural (contidos de Historia). As cuestións do exame referidas aos coñecementos teóricos non superarán o 25% e as destrezas prácticas non serán inferiores ao 75%.  O modelo será o da **Avaliación Diagnóstica**. Será avaliada a través dos **Criterios de Corrección.**

- **Proxecto (10%)**. Cada trimestre desenvolverase un proxecto distinto vinculado a unha situación de aprendizaxe real.

- **Tarefas voluntarias (até +3).** Unha vez acadado o 5 no conxunto dos cinco instrumentos de avaliación, engadirase á nota de cada trimestre o resultado da avaliación das Tarefas Voluntarias (lecturas voluntarias escollidas polo alumno/a, traballos de investigación ou creación propostos polo alumno/a ou compromiso do alumno/a co labor de dinamización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real). Esta última Tarefa Voluntaria, o **compromiso coa dinamización da lingua galega**, xorde da necesidade de avaliar un estándar que consideramos absolutamente fundamental, dada a situación social na que se atopa a lingua propia de Galicia e, en consecuencia, transversal a todos os demais desde 1ºESO: ***Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega*.**
  - As lecturas avaliaranse a través dun **Comentario oral gravado e enviado por medios dixitais**.
  - Os traballos de creación propia avaliaranse a través de **Rúbricas**.
  - O activismo lingüístico avaliarase a través da **Observación Directa**.

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión escrita) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas.

**A cualificación na avaliación ordinaria de xuño será a da avaliación final ou, no seu caso, a media das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación**. Tendo en conta que se trata dun proceso de avaliación continua, non se contemplan "exames de recuperación", pois cada avaliación debe supor un reforzo ou mellora con respecto á anterior.

Ademais dos contidos, en todas as probas, traballos e tarefas, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuados de pronomes anafóricos), corrección gramatical (morfolóxica e sintáctica), corrección ortográfica e riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos. Ademais, todos os instrumentos de avaliación (proba escrita, traballo de investigación, produción textual, tarefas voluntarias...) entregados por escrito á

persoa docente deberán respectar as indicacións dadas no ámbito do TIL para a presentación de tarefas e probas escritas.

| **INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN** | | **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** |
|---|---|---|
| Intervencións orais | • Diario de Aula<br>• Observación Directa | **(20%)** |
| Actividade na Aula Virtual | • Cuestionarios | **(10%)** |
| Análise de textos e Produción textual (orais e escritos) | • Criterios de corrección<br>• Rúbricas | **(40%)** |
| Proba escrita | • Criterios de corrección | **(20%)** |
| **Proxectos trimestrais.** | • Participación activa<br>• Rúbricas | **(10%)** |
| **Tarefas voluntarias**<br>➢ Compromiso coa dinamización do galego<br>➢ Traballos de creación propia<br>➢ Lecturas voluntarias | • Observación directa<br>• Rúbricas<br>• Comentario oral gravado | **(até +3)** |

| **CRITERIOS DE PROMOCIÓN** |
|---|
| **1. A cualificación na avaliación ordinaria de xuño será a da avaliación final ou, no seu caso, a media das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á** |

**nota da terceira avaliación**.

**A avaliación será continua e contemplarase o desenvolvemento competencial así como o grao de consecución dos obxectivos da ESO á par que a adquisición de contidos**. O alumno/a poderá superar a materia obtendo un **SUFICIENTE** ou máis no cómputo final dos instrumentos de avaliación de cada trimestre.

2. **A avaliación será global para as tres materias integradas no ámbito**, en consecuencia o resultado será idéntico para cada unha delas.

Ademais dos contidos, en todas as probas, traballos e tarefas, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuado de pronomes anafóricos), corrección gramatical (morfolóxica e sintáctica), corrección ortográfica e riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos, é dicir, o seguimento das indicacións recollidas no **Caderno TIL**.

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA O 1º TRIMESTRE
## (Unidade didáctica 1. *Revolución*)

| BLOQUE DE CONTIDOS | ESTÁNDARES AVALIABLES | CCCC | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| **Comunicación e Funcionamento da Lingua** | **1.** Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.<br>**2.** Analiza os elementos verbais e non verbais dos textos orais. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.<br>**3.** Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.<br>**4.** Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.<br>**5.** Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.<br>**6.** Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.<br>**7.** Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.<br>**8.** Coñece os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas, autocorrixíndose ou corrixindo aos demais se fose preciso e rexeitando os prexuízos lingüísticos á hora de usar a súa propia variedade dialectal.<br>**9.** Produce textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | **Diario de Aula e Observación Directa**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Intervencións orais na aula (20%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Comunicación e Funcionamento da Lingua** | dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.<br>**10.** Interpreta as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación e é quen de manter unha postura crítica rexeitándoas e defendendo a súa postura nun coloquio ou debate.<br>**11.** Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose.<br>**12.** Interpreta e segue as instrucións orais.<br>**13.** Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo, aplicando os coñecementos lingüísticos, servíndose de dicionarios en calquera formato.<br>**14.** Comprende e interpreta todo tipo de textos e é quen de analizalos para a realización das súas tarefas académicas (procurando información nun dicionario, interpretando símbolos, ampliando información en xornais e medios audiovisuais...)<br>**15.** Comprende e interpreta as diferenzas entre os distintos textos dos medios de comunicación e é quen de ler adecuadamente un xornal, con sentido crítico ante as mensaxes implícitas e persuasivas dos textos publicitarios, rexeitando os prexuízos e a linguaxe discriminatoria.<br>**16.** Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br>**17.** Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.<br>**18.** Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD | **Diario de Aula e Observación Directa**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Intervencións orais na aula (20%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (20%)<br><br>Comentarios de texto (orais e escritos) (20%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Comunicación e Funcionamento da Lingua** | opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos.<br>**19.** Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.<br>**20.** Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.<br>**21.** Coñece e usa un léxico amplo e é quen de servirse del para as súas producións textuais en distintos contextos e rexistros.<br>**22.** Recoñece e usa as formas verbais e as perífrases e é quen de diferencialas.<br>**23.** Recoñece e usa os procedementos de creación de palabras e é quen de crear novas palabras servíndose de prefixos e sufixos e sinalando o significado e a orixe dos mesmos.<br>**24.** Coñece e usa a fonética galega e é quen de diferenciar vogais abertas e pechadas, así como o n velar, contrastándoa coa fonética española.<br>**25.** Procura información lingüística en dicionarios en calquera soporte e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).<br>**26.** Coñece e aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega e da lingua española e é quen de servirse delas para as súas producións textuais.<br>**27.** Recoñece e identifica as funcións básicas de frases, cláusulas e oracións e é quen de crear novas unidades con corrección sintáctica e con respecto polas propiedades textuais. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega e compáraos coa española.<br>**28.** Analiza os elementos textuais e é quen de diferenciar a estrutura, a argumentación e a temática dos mesmos.<br>**29.** Produce textos (especialmente argumentativos e expositivos) e é quen de dividilos en parágrafos, cunha estrutura adecuada, con corrección lingüística e respecto polas propiedades textuais.<br>**30.** Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra. | CSIEE<br>CCEC | **Diario de Aula e Observación Directa**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Intervencións orais na aula (20%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | | |
| **Sociedade**<br><br>**Sociedade** | **31.** Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.<br>**34.** Coñece a Situación actual da lingua e é quen de analizala a través de mapas e gráficas, tiras cómicas, artigos de opinión... cunha terminoloxía sociolingüística axeitada, argumentando, en base á súa propia experiencia, a necesidade da normalización lingüística, e diferenciándoa da normativización.<br>**36.** Analiza e interpreta gráficas, mapas, e información en calquera soporte arredor da situación socilingüística e legal das linguas en España e é quen de servirse dela como argumento para derrubar prexuízos.<br>**37.** Coñece as Variedades das linguas e é quen de argumentar a necesidade dun estándar, así como de rexeitar os prexuízos arredor das variedades xeográficas.<br>**43.** Define adecuadamente conceptos históricos (como Antigo Réxime, Ilustración, imperialismo, colonialismo, ) e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.<br>**44.** Analiza textos:<br>• contrastando o Absolutismo e o Parlamentarismo, Liberalismo e Socialismo<br>• enfrontando os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE | **Probas na Aula virtual**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Realización de cuestionarios na Aula Virtual (10%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Inglaterra<br>• comparando a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia<br>**45.** Elabora esquemas, resumos e textos expositivos sobre:<br>• as revolucións burguesas dos séculos XVIII e XIX.<br>• a revolución industrial<br>**46.** Elabora textos argumentativos sobre:<br>• as interconexións entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914<br>• a loita polo sufraxio da muller<br>**47.** Elabora eixes cronolóxicos, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XVIII e XIX.<br>**49.** Elabora comentarios críticos orais ou escritos sobre:<br>• cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX e XX.<br>• noticias, artigos, reportaxes e crónicas xornalísticas.<br>**50.** Traballa coa prensa. | CCEC | | |
| **Literatura** | **38.** Coñece as diferenzas entre os distintos períodos da Literatura Galega desde 1916 á actualidade e da Literatura Española desde o Século XVIII á actualidade e é quen de explicalas a través de comentarios de texto de obras deses períodos (que previamente leu), a través da elaboración de textos expositivos, de traballos de investigación ou participando en audicións e representacións teatrais.<br>**39.** Consulta as bibliotecas escolares e as virtuais e fontes de información variadas e é quen de procurar información nelas para a realización de traballos e tarefas, citándoas axeitadamente.<br>**40.** Le e comprende con crecente autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións, desenvolvendo criterio estético e pracer pola lectura.<br>**41.** Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula, desenvolvendo o gusto pola escrita.<br>**42.** Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, | CCL<br>CAA<br>CCEC | **Criterios de corrección e Rúbricas** | Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). | | | |
| **Todos os bloques de contidos** | **Estándares relacionados coa comunicación escrita, o funcionamento da lingua a sociedade e a literatura** | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC | **Criterios de corrección** | Proba escrita (20%) |
| **Interdisci-plinares** | **7.** Coñece e aplica as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas, respectando as opinións alleas.<br>**11.** Produce (servíndose de guións e con axuda das TIC) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, en exposicións orais propias do mundo académico, en debates e coloquios, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose.<br>**12.** Interpreta e segue as instrucións orais.<br>**16.** Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br>**17.** Coñece e utiliza as técnicas para a realización das súas tarefas e é quen de realizalas dun xeito autónomo, adecuándose ao rexistro, respectando a estrutura textual, as normas ortográficas e gramaticais, así como as propiedades textuais e servíndose especialmente das TIC para a selección de información, a edición, a dinamización e a autocorrección da propia produción textual.<br>**18.** Produce en soporte impreso e dixital (con autonomía) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, xornalísticos de opinión, argumentativos e expositivos e é quen de elaborar currículos, cartas de presentación, correos electrónicos, solicitudes, instancias, reclamacións, cartas á dirección, columnas de opinión, informes... E, moi especialmente, textos expositivos e textos argumentativos.<br>**20.** Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | Todas | **Participación activa no proxecto *Monte vivo*** a través de obradoiro audiovisual: ***Un ollo de vidro*** | Proxecto (10%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **30.** Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.<br>**31.** Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia. | as CCCC | | |
| **Transversais** | **16.** Coñece as distintas fontes para obter información e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (servirse das TIC, procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...)<br>**19.** Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.<br>**20.** Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.<br>**30.** Participa en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.<br>**31.** Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo e é quen de argumentar a súa postura e interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos, defendendo un plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia.<br>**40.** Le e comprende con crecente autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións, desenvolvendo criterio estético e pracer pola lectura.<br>**41.** Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula, desenvolvendo o gusto pola escrita. | Todas as CCCC | • **Observación directa do labor realizado do uso consciente da lingua.**<br>• **Comentario oral gravado e enviado por medios dixitais**<br>• **Rúbricas** | Tarefas voluntarias (+3)<br>➢ Compromiso coa dinamización da lingua galega<br>➢ Lecturas<br>➢ Traballos de creación propia |

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA O 2º TRIMESTRE
## (Unidade didáctica 2. *Entre guerras*)

| BLOQUE DE CONTIDOS | ESTÁNDARES AVALIABLES | CCCC | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| **Comunicación e Funcionamento da Lingua** | **Os mesmos estándares que no 1º trimestre** | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | **Diario de Aula e Observación Directa**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Intervencións orais na aula (20%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |
| **Sociedade** | **Para lingua e Sociedade: os mesmos estándares que no 1º trimestre**<br><br>**43.** Define adecuadamente conceptos históricos e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.<br>**45.** Elabora esquemas, resumos e textos expositivos sobre:<br>• as principais reformas durante a II República española<br>• as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional<br>• as causas e as consecuencias da II Guerra Mundial<br>• o Holocausto na historia mundial | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD | **Probas da Aula virtual**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Realización de cuestionarios na Aula Virtual (10%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | • a Guerra Fría<br>**46.** Elabora textos argumentativos sobre:<br>• as interconexións entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914<br>• as consecuencias da revolución rusa<br>• a loita polo sufraxio da muller<br>• o auxe do fascismo en Europa<br>• a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.<br>• a posguerra e a represión en España<br>**47.** Elabora eixes cronolóxicos, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do s. XX.<br>**49.** Elabora comentarios críticos orais ou escritos sobre:<br>• cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX e XX.<br>• noticias, artigos, reportaxes e crónicas xornalísticas.<br>**50.** Traballa coa prensa ou desenvolve dun proxecto arredor de:<br>• as crises financeiras de 1929 e 2008 | CSIEE<br>CCEC | | |
| **Literatura** | **Os mesmos estándares que no 1º trimestre** | CCL<br>CAA<br>CCEC | **Criterios de corrección e Rúbricas** | Produción textual (oral e escrita) (40%) |
| **Todos os bloques de contidos** | **Estándares relacionados coa comunicación escrita, o funcionamento da lingua a sociedade e a literatura** | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC | **Criterios de corrección** | Proba escrita (20%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Interdisci-plinares** | **Os mesmos estándares que no 1º trimestre** | Todas as CCCC | **Participación activa no proxecto *Monte vivo*** a travñes de obradoiro audiovisual: ***Un ollo de vidro*** | Proxecto (10%) |
| **Transversais** | **Os mesmos estándares que no 1º trimestre** | Todas as CCCC | • **Observación directa do labor realizado do uso consciente da lingua.**<br>• **Comentario oral gravado e enviado por medios dixitais**<br>• **Rúbricas** | Tarefas voluntarias (+3)<br>➢ Compromiso coa dinamización da lingua galega<br>➢ Lecturas<br>➢ Traballos de creación propia |

# PROGRAMACIÓN DE AULA PARA O 3º TRIMESTRE
# (Unidade didáctica 3. *Estado do benestar?*)

| BLOQUE DE CONTIDOS | ESTÁNDARES AVALIABLES | CCCC | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| **Comunicación e Funcionamento da Lingua** | **Os mesmos estándares que no 1º e 2º trimestres** | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | **Diario de Aula e Observación Directa**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Intervencións orais na aula (20%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |
| **Sociedade** | **Para lingua e Sociedade: os mesmos estándares que no 1º e 2º trimestres**<br><br>**43.** Define adecuadamente conceptos históricos e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.<br>**45.** Elabora esquemas, resumos e textos expositivos sobre:<br>• a Guerra Fría<br>• a guerra de Vietnam<br>• o proceso descolonizador<br>• os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa<br>• as fases da ditadura de Franco | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CSIEE<br>CCEC | **Probas da Aula virtual**<br><br>**Criterios de corrección**<br><br>**Rúbricas** | Realización de cuestionarios na Aula Virtual (10%)<br><br>Produción textual (oral e escrita) (40%) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | • os cambios producidos tralo colapso da URSS.<br>• o cambio na sociedade española da transición<br>**46.** Elabora textos argumentativos sobre:<br>• como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica<br>• os proles e contras do estado do benestar<br>• a interpretación da Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade<br>• a coroación de Xoán Carlos I<br>• a lei de amnistía de 1977<br>• a Constitución de 1978<br>• a creación do Estado das autonomías<br>• o terrorismo en España durante esta etapa<br>• a construción da Unión Europea e o seu futuro<br>• o eurocentrismo e a globalización<br>**47.** Elabora eixes cronolóxicos, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do s. XX.<br>**48.** Elabora o mapa político de Europa.<br>**49.** Elabora comentarios críticos orais ou escritos sobre:<br>• cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX e XX.<br>• noticias, artigos, reportaxes e crónicas xornalísticas.<br>**50.** Traballa coa prensa ou desenvolve dun proxecto arredor de:<br>• as consecuencias sociais da globalización<br>• beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | consecuencias do quecemento global<br>• progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | | | |
| **Literatura** | **Os mesmos estándares que no 1º e 2º trimestres** | CCL<br>CAA<br>CCEC | **Criterios de corrección e Rúbricas** | Produción textual (oral e escrita) (40%) |
| **Todos os bloques de contidos** | **Estándares relacionados coa comunicación escrita, o funcionamento da lingua a sociedade e a literatura** | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC | **Criterios de corrección** | Proba escrita (20%) |
| **Interdisci-plinares** | **Os mesmos estándares que no 1º e 2º trimestres** | Todas as CCCC | **Participación activa no proxecto *Monte vivo*** a travñes de obradoiro audiovisual: ***Un ollo de vidro*** | Proxecto (10%) |
| **Transversais** | **Os mesmos estándares que no 1º e 2º trimestres** | Todas as CCCC | • **Observación directa do labor realizado do uso consciente da lingua.**<br>• **Comentario oral gravado e enviado por medios dixitais**<br>• **Rúbricas** | Tarefas voluntarias (+3)<br>➢ Compromiso coa dinamización da lingua galega<br>➢ Lecturas<br>➢ Traballos de creación propia |

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL**

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Planificación | 1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | | |
| | 2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 3. Ten en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento deste. | | | | | |
| | 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado. | | | | | |
| | 6. Programa as actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 9. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas). | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| | 1. Permite organizar os contidos a través de secuencias didácticas. | | | | | |
| | 2. Permite relacionar os conceptos novos cos xa coñecidos. | | | | | |
| | 3. Busca unha maior comunicación entre profesorado e alumnado para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | | | | |
| | 4. Busca optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento dunha secuencia didáctica por semana. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Desenvol-vemento** | 5. Busca utilizar as TICs para apoiar os contidos na aula. | | | | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | | | | |
| | 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | | | | |
| | 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,…) | | | | | |

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Seguimento e Avaliación** | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. | | | | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. | | | | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | | | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | | | | |
| | 6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. | | | | | |
| | 7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. | | | | | |
| | 8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | | | | |
| | 10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | |
| | 1. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais. | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Motivación do alumnado** | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. | | | | | |
| | 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). | | | | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | | | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | | | | |
| | 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | | | | |
| | 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados. | | | | | |